


RESULTADOS DO PROGRAMA DE XESTIÓN DE VACÚN DE LEITE EN GALIZA NO PERÍODO 1998–2005

Fernando Barbeyto Nistal e Cláudio López Garrido
CENTRO DE INVESTIGACIÓNS AGRARIAS DE MABEGONDO



XUNTA DE GALICIA

FICHA TÉCNICA

EDITA	Consellería do Medio Rural, Xunta de Galicia
AUTORES	Claudio López Garrido Fernando Barbeyto Nistal
DESEÑO E MAQUETACIÓN	Jorge García Bello
FOTOGRAFÍAS	Jesús María Rodríguez Casabiell Antonio González Rodríguez Claudio López Garrido
IMPRIME
DEPÓSITO LEGAL

ÍNDICE

PRESENTACIÓN	Px 7
INTRODUCCIÓN	Px 9
1 EVOLUCIÓN DA PRODUCCIÓN LEITEIRA	Px 13
2 ANÁLISE DOS RESULTADOS MEDIOS DAS EXPLOTACIÓNS LEITEIRAS GALEGAS (1998-2005)	Px 19
2.1 Resultados técnicos	Px 19
2.2 Resultados económicos	Px 24
3 ANÁLISE DE GRUPOS DAS EXPLOTACIÓNS LEITEIRAS GALEGAS (1998-2005)	Px 29
3.1 Resultados técnicos	Px 30
3.2 Resultados económicos	Px 33
4 EVOLUCIÓN DO GRUPO PERMANENTE	Px 41
4.1 Evolución 1998-2005	Px 41
4.2 Evolución 2001-2005	Px 46
5 ANÁLISE COMPARATIVA DAS EXPLOTACIÓNS GALEGAS NO MARCO EUROPEO (1999-2005)	Px 53
5.1 As explotacións galegas no marco da análise EDF	Px 54
5.2 Evolución das explotacións de EDF (1999-2005)	Px 58
5.3 Comparación entre as explotacións de 100 vacas	Px 65
CONCLUSIÓNS	Px 69

PRESENTACIÓN

A Consellaría do Medio Rural destaca a produción de leite como un dos principais activos do sector gandeiro en Galiza e, como tal, unha parte esencial da nosa economía rural. A publicación de Resultados do programa de xestión de vacún de leite en Galiza no período 1998-2005 recupera a información que durante sete anos deixou de publicar a administración galega, para que o lector poida coñecer os resultados e evolución do sector nestes anos.

Este traballo trata de mostrar a importancia do control dos custos de produción e a produtividade, alén das fluctuacións dos prezos, como única forma de mellorar a competitividade das explotacións leiteiras, e de explicar como inciden os sistemas de manexo nos resultados de explotacións de estrutura semellante. A partir de 2000, esténdese a comparación de custos de produción ao marco europeo, que é a nosa principal referencia, a través da análise dos resultados do grupo de explotacións galegas pertencentes á European Dairy Farmers (EDF).

A aparición desta publicación, que no futuro volverá a ter periodicidade anual, coincide coa posta en marcha do Observatorio do Sector Lácteo de Galiza por parte da Consellaría do Medio Rural, que se encargará de subministrar información sobre a conxuntura do sector e de analizar a súa situación.

Con estas iniciativas, a Consellaría do Medio Rural quere contribuír a que o sector lácteo e, en particular, as explotacións leiteiras, adopten as decisións de futuro con toda a información dispoñíbel.

Alfredo Suárez Canal
Conselleiro do Medio Rural

INTRODUCCIÓN

O programa de xestión de explotacións de leite en Galiza, que desenvolve a Consellaría do Medio Rural, ten a súa orixe no programa de seguimento técnico que o Servizo de Extensión Agraria (SEA) levaba nas explotacións acollidas aos grupos de discusión (SEGE) e no desenvolvido pola Axencia de Desenvolvemento Gandeiro (ADG) nas explotacións postas en marcha por este organismo.

O programa de xestión da ADG comezou en 1977 con 24 explotacións e alcanzou as 100 en 1983. Ao ano seguinte, as explotacións atendidas polo SEA incorporáronse ao programa de xestión da ADG e, a partir deste momento, ao dispor do primeiro programa informático de xestión e grazas á divulgación destes modelos entre os gandeiros a través das oficinas do SEA, alcanzáronse as 328 explotacións analizadas en 1984.

O programa de xestión da ADG tiña como principal obxectivo a obtención de índices que permitiran as recomendacións de manexo para explotacións nas que se utilizan sistemas de produción de leite a baixo custo, con investimentos axustados e unha eficiente utilización das pradeiras en pastoreo. Isto levou a que se seleccionaran índices fundamentalmente técnicos, como carga gandeira, produción de leite por unidade de superficie, consumo de concentrado para a produción de leite e uso de fertilizantes químicos, quedando a análise económica restrinxida ao cálculo da marxe bruta e á relación entre ingresos do leite e gasto en concentrado para as vacas.

No programa do SEA a información recollíase da contabilidade das explotacións que pertencían aos grupos de discusión das distintas oficinas comarcais e no cálculo prestábase máis atención aos índices económicos que aos técnicos.

A partir do ano 1984 comezouse a utilizar o mesmo programa informático de xestión polos dous organismos que crearon un equipo de xestión común na que se concentrou o traballo de análise. En 1990 adoptouse un novo programa informático, deseñado para ordenadores persoais, que se instalou en varias oficinas do Servizo de Extensión Agraria. Este novo programa de xestión profundaba na análise económica das explotacións e incluía a obtención de marxes netas, así como o cálculo do custo de produción do leite. Ao mesmo tempo, ao abeiro do R.D. 808/1987, polo que se establecía un sistema de axudas para a mellora da eficacia das estruturas agrarias, entraba en funcionamento a primeira Agrupación de Xestión de Explotacións (AXE). En 1990 o número de explotacións analizadas sería de 920.

A mediados dos anos noventa, o aumento do número de AXE, que se encargan dos servizos de xestión mediante técnicos contratados ao abeiro dos subsidios do R.D. 808/1987, permite alcanzar as 1.500 explotacións analizadas. Nesta mesma época, o SEA comeza a atender as explotacións que non estaban integradas nas AXEs, mais desexaban ser asesoradas.

A necesidade de mellorar o asesoramento, tanto técnico coma económico, obrigou a elaborar un terceiro programa informático e a ampliar a recollida de información a aspectos tan importantes como a reprodución do gando, calidade do leite e composición dos ensilados.

O programa informático quedaría obsoleto e no ano 2000 sería substituído por outro novo que profundaría na análise da conta de resultados e se centraría máis nos aspectos contábeis e económicos que nos técnicos.

Os resultados das análises anuais foron editados pola Xunta de Galicia até 1997. A partir dese ano, por razóns que se descoñecen, suspéndese a publicación, a pesar de que as organizacións profesionais agrarias, técnicos e analistas a seguen demandando. Afortunadamente, un resumo dos resultados seguiríase divulgando, de xeito restrinxido, pola Secretaría Xeral Técnica do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

Coa presente publicación trátase de recuperar a serie interrompida e de ofrecer a información -incomprendiblemente subtraída durante tantos anos- para que se coñeza a evolución dos resultados das explotacións leiteiras galegas entre 1998 e 2005.

Ademais da serie de valores medios neste período, trátase de explicar as estratexias das explotacións para manter a súa competitividade mediante a presentación dos resultados daquelas que, por participar en todos os estudos anuais, permitiron un seguimento permanente da súa evolución. Lamentabelmente só unha minoría das explotacións estivo presente ao longo de todo o período, o que limita bastante o alcance da análise. Non obstante, realizouse unha aproximación coa información dispoñíbel que ofrece unha perspectiva de indubidábel interese sobre as diferenzas de comportamento en explotacións de estrutura semellante diante das mesmas circunstancias.

Por outra parte, para completar a visión desta evolución, fornécense os resultados dunha comparación europea de custos de produción leite na que participa un grupo de produtores galegos desde 1999 e que realiza a European Dairy Farmers coa colaboración do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo.

1.

EVOLUCIÓN DA PRODUCCIÓN LEITEIRA

1. EVOLUCIÓN DA PRODUCCIÓN LEITEIRA

Entre 1998 e 2005 o número de explotacións leiteiras en Galiza diminuíu en 22.799, o que representa unha redución do 56,2%. No mesmo período, a cota total ampliouse en 340.306 t, o que significa un incremento do 20,8%. Como resultado, a cota por explotación creceu 70.997 kg, o que supón un aumento do 175,73% (Táboa 1).

Táboa 1. Evolución da cota e do número de explotacións leiteiras por estrato de tamaño.

Cota (t)	1998				2005			
	Explotacións	%	Cota (kg)	%	Explotacións	%	Cota (kg)	%
< 40	27.440	67,6	388.418.758	23,7	5.487	30,9	109.366.467	5,5
40-99	9.149	22,6	576.891.509	35,2	5.410	30,4	363.212.900	18,4
100 -150	2.312	5,7	280.638.728	17,1	2.645	14,9	323.715.199	16,4
150-299	1.421	3,5	276.202.753	16,9	3.054	17,2	623.783.946	31,5
300-599	209	0,5	81.072.513	4,9	972	5,5	381.766.117	19,3
600-1.199	29	0,1	23.398.212	1,4	177	1,0	140.843.041	7,1
1.200 -2.399	5	0,0	7.326.814	0,4	20	0,1	31.157.042	1,6
≥ 2.400	1	0,0	4.957.569	0,3	2	0,0	5.367.851	0,3
TOTAL	40.566	100	1.638.906.856	100	17.767	100	1.979.212.563	100
Cota/explotación			40.401					111.398

Fonte: Consellaría do Medio Rural

Máis importante que as variacións das cifras globais son as mudanzas na estrutura produtiva. En 1998 as explotacións de menos de 100 t de cota eran o 90,2% das totais e dispuñan do 58,9% da cota total, en tanto as de máis de 300 t eran o 0,6% e só contaban co 7,0%. En 2005 as explotacións con menos de 100 t de cota eran o 61,3% das totais e ocupaban o 23,9% da cota total, en tanto as de máis de 300 t eran o 6,6% e posuían o 28,3%. O máis salientábel é a evolución do segmento intermedio, de 100 a 300 t de cota. En 1998 estaba composto polo 9,2% das explotacións e o 34% da cota, e en 2005 reunía o 32,1% das explotacións e o 47,9% da cota (Gráficos 1 e 2).

A información fornecida polos anuarios de estatística agraria da Xunta de Galicia mostran que, aínda que a diminución do número de explotacións foi acompañada dunha redución do número de vacas muxidas, o tamaño medio do rabaño por explotación aumentou (Táboa 2). Este proceso de concentración e de intensificación produtiva é similar ao observado no resto dos países da Unión Europea. A produción de leite está en mans dun número de explotacións cada vez menor, con rabaños cada vez máis grandes e con vacas de rendementos cada vez máis altos (Gráfico 3).

Gráfico 1. Evolución da distribución da cota (%) por estratos de tamaño en Galiza.





Gráfico 2. Evolución da distribución das explotacións (%) por estratos de tamaño en Galiza.




Táboa 2. Evolución do número total de explotacións e vacas en Galiza (1998-2005).

	1998	2005
Explotacións totais de vacún	84.793	51.484
Explotacións tipo leite	42.453	19.277
Vacas de muxido	466.963	361.106
Vacas totais	735.172	578.641
Vacas muxido/explotacións tipo leite	11	18,7
Vacas totais/explotacións totais de vacún	8,7	11,2

Fonte: Anuario de Estadística Agraria 2005 (Avance)

Gráfico 3. Evolución do número de explotacións e da cota/explotación (kg) en Galiza



A evolución da estrutura leiteira galega é semellante á da Cornixa Cantábrica ¹, entendendo como tal o conxunto de Galiza, Asturias e Cantabria, e contrasta coas cifras que mostra o resto das Comunidades Autónomas do Estado, menos dotadas climaticamente para a produción de leite. A diferenza fundamental reside en que nestas últimas, en 1998, o número de explotacións xa era menor e o seu tamaño maior; mais iso non impediu que o ritmo de desaparición das súas explotacións e o aumento do seu tamaño fose máis alto que o da Cornixa Cantábrica no período estudado.

¹ Victoriano Carcedo Ordóñez, “La producción de leche: Una reestructuración que no cesa”, *Cuadernos de La Tierra*, UPA, nº 6, 2006, pp. 39-49.

A porcentaxe de explotacións con menos de 75 t de cota reduciuse case á metade, tanto en Galiza coma na Cornixa Cantábrica, a das que teñen entre 75 e 200 t multiplicouse por 2,6 no primeiro caso e por 2,2 no segundo, a de 200 a 300 t de cota fíxoo por 9 e por 7, e a das que contan con máis de 300 t por 15,5 e 14 (Táboa 3). No mesmo período, no resto das Comunidades Autónomas, a porcentaxe de explotacións con menos de 75 t de cota reduciuse a menos dun terzo, a de 75 a 200 t aumentaba lixeiramente, a de 200 a 300 t duplicábase e a de máis de 300 t cuadruplicábase. Cómpre salientar que, a pesar do elevado aumento porcentual do estrato de máis de 300 de cota na Cornixa Cantábrica e Galiza, o rango das súas cifras en 2005 (11,2% e 9,3%, respectivamente) non difire moito do das outras Comunidades Autónomas en 1998 (9,7%).

Táboa 3. Distribución das explotacións leiteiras por estrato de tamaño no Estado Español.

Cota (t)	Galiza		Cornixa Cantábrica		Resto das CC.AA.		Estado Español	
	1998	2005	1998	2005	1998	2005	1998	2005
<75	84,4	43,6	80,8	40,5	59,2	19,7	75	35,5
75-200	13,8	36,3	16,7	36,5	24,3	26,2	18,7	34,0
200-300	1,2	10,8	1,7	11,8	6,9	13,9	3,1	12,3
>300	0,6	9,3	0,8	11,2	9,7	40,2	3,2	18,2

As diferenzas aínda son máis evidentes ao comparar a evolución da distribución da cota total (Táboa 4). Tanto en Galiza como na Cornixa Cantábrica, a porcentaxe da cota total asignada ás explotacións con menos de 75 t de cota reduciuse á cuarta parte no período estudado, a de 75 a 200 t diminuíu lixeiramente en ambos os casos, a de 200 a 300 t duplicouse de sobra e a de máis de 300 multiplicouse por máis de catro. No resto das Comunidades Autónomas a porcentaxe da cota total reduciuse en todos os estratos, agás no de máis de 300 t, no que se duplica. Neste estrato, igual que acontecía na distribución das explotacións, a porcentaxe de Galiza e a Cornixa Cantábrica, malia o seu crecemento, é inferior en 2005 á das outras Comunidades Autónomas en 1998.

Táboa 4. Distribución da cota láctea por estrato de tamaño no Estado Español.

Cota (t)	Galiza		Cornixa Cantábrica		Resto das CC. AA.		Estado Español	
	1998	2005	1998	2005	1998	2005	1998	2005
<75	46,5	11,2	41,8	9,9	13,4	1,9	27,7	6,2
75-200	39,1	34,7	40,7	32,1	23,6	8,8	32,2	21,4
200-300	7,2	19,3	8,8	19,4	13,2	8,5	11	14,4
>300	7,2	34,8	8,7	38,6	49,8	80,7	29,1	58,0

2.

**ANÁLISE DOS RESULTADOS MEDIOS DAS
EXPLOTACIONES LEITEIRAS GALEGAS
(1998–2005)**

2. ANÁLISE DOS RESULTADOS MEDIOS DAS EXPLOTACIÓNS LEITEIRAS GALEGAS (1998–2005)

A análise das explotacións leiteiras controladas polo Servizo de Explotacións Agrarias da Consellaría do Medio Rural non é unha operación estatística e, polo tanto, os resultados medios que se presentan neste traballo teñen unha validez relativa e deben ser manexados con cautela. Non obstante, ademais de ser a única referencia dispoñíbel durante un período tan prolongado de tempo, as comparacións realizadas cos estudos similares realizados polo MAPA, outras Comunidades Autónomas e entidades ², permiten afirmar que representan bastante ben a realidade deste subsector.

2.1. Resultados técnicos

O desenvolvemento das explotacións leiteiras galegas estivo caracterizado, no período 1998 - 2005, polo aumento continuo, aínda que moderado, da súa dimensión e da súa produtividade. A SAU de 13,5 ha a 19,7 ha , o que significa un incremento do 46%. O tamaño medio do rabaño leiteiro experimentou un aumento aínda maior (53%) ao pasar de 24,3 a 37,2 vacas por explotación e o rendemento leiteiro creceu un 23% ao elevarse a produción media por vaca e ano de 5.827 a 7.185 litros. O resultado final foi un incremento do 87% da produción media por explotación, que pasou de 141.886 litros en 1998 a 265.840 en 2005, o que supón unha taxa anual de variación (TAV) do 9,4% (Táboa 5).



² Sirvan de mostra os estudos anuais da Secretaría Xeral de Agricultura e Alimentación do MAPA titulados *Análisis de la Economía de los Sistemas de Producción. Resultados Técnico-Económicos de Explotaciones de Ganado Vacuno de Leche* ou o traballo publicado polo INIA en 2000, *Estudio comparativo de los costes de producción de leche en diferentes Comunidades Autónomas Españolas*.

Táboa 5. Evolución dos índices técnicos (1998-200).

	1998	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005
Nº de explotacións	1.909	2.001	1.450	776	440	301	286	192
SAU (ha)	13,5	13,7	14,0	14,1	18,3	18,4	21,0	19,7
Nº de vacas de leite	24,3	25,8	27,6	30,0	36,2	35,2	37,4	37,2
Produción vendida (l)	141.886	153.613	165.118	184.357	241.916	227.624	258.540	265.840
MANEXO DO GANDO								
Vacas/ha	1,80	1,90	2,00	2,10	2,00	1,90	1,80	1,90
UGM/ha	2,55	2,64	2,74	2,94	2,85	2,67	2,59	2,63
Partos/vaca/ano	0,84	0,83	0,82	0,79	0,85	0,84	0,86	0,91
MANEXO DA FERTILIZACIÓN								
Fertilizantes (€/ha)	122	121	125	163	173	153	155	159
✓ N/ha	98	103	103	117	142	114	119	124
✓ P ₂ O ₅ /ha	81	83	76	82	95	82	84	84
✓ K ₂ O/ha	51	53	52	56	78	64	75	84
PRODUCCIÓN DE LEITE E USO DO CONCENTRADO								
Rendemento leiteiro (l/vaca/ano)	5.827	5.960	5.973	6.160	6.786	6.506	6.962	7.185
Consumo concentrado (kg/vaca/ano)	2.327	2.435	2.402	2.553	2.589	2.512	2.416	2.335
Concentrado/produción leite (g/l)	400	410	400	410	380	390	350	330
CALIDADE DO LEITE								
% graxa	3,79	3,77	3,80	3,83	3,94	3,85	3,96	3,95
% proteína	3,10	3,11	3,08	3,08	3,15	3,14	3,23	3,14
Bacterioloxía (000)	39	41	35	28	32	25	26	28
Células somáticas (000)	283	241	234	222	249	241	237	232
PREZOS								
Prezo leite (€/100 l)	30,32	28,75	29,08	34,02	31,33	31,12	32,76	31,86
Prezo concentrado (€/t)	206	196	209	221	220	218	230	215
Relación entre prezos do leite e concentrado	1,47	1,47	1,39	1,54	1,42	1,42	1,43	1,48

Este aumento do tamaño da explotación e do volume de produción baseouse até 2001 no incremento da carga gandeira, que pasou de 1,8 a 2,1 vacas/ha e de 2,55 a 2,94 UGM/ha. A partir dese ano prodúcese un descenso da carga gandeira que en 2005 volve a alcanzar un nivel semellante ao de 1999 (Gráfico 4).

O aumento do volume medio do leite comercializado por explotación garda certa relación coa evolución do seu prezo. De feito, a produción reacciona á baixa ou á alta en función do prezo do ano anterior (Gráfico 5).

Gráfico 4. Evolución da estrutura da explotación media (SAU, vacas e carga gandeira).






Gráfico 5. Evolución do prezo do leite e da produción comercializada por explotación.



O cambio de tendencia que parece apreciarse a partir do ano 2001 en toda Europa ³ obsérvase tamén en Galiza, onde o máis salientábel é que a partir dese ano o crecemento do rabaño comeza a ir acompañado non só do incremento da produción de leite por vaca, senón tamén dun aumento paralelo da superficie forraxeira. A partir de 2003 tamén se detecta unha estabilización do gasto en fertilización, aínda que ao caer de información sobre a utilización de fertilizantes orgánicos non se poden extraer conclusións definitivas.

Outro aspecto interesante é a mudanza que se advirte na forma de aumentar a produción de leite. Até 2001 estivo baseada na mellora xenética do gando e no incremento do consumo de concentrado, que pasou de 2.327 kg/vaca en 1998, para un rendemento de 5.287 l/vaca, a 2.553 kg/vaca para unha produción de 6.160 l/vaca, o que significa que a relación entre produción de leite e consumo de concentrado pasou de 400 a 410 g/l. A partir de 2001 esta relación diminuíu até 325 g/l en 2005 debido a que para unha produción de 7.185 l/vaca o consumo de concentrado redúcese a 2.335 kg/vaca e ano (Gráfico 6).


Gráfico 6. Evolución da produción de leite e consumo de concentrado por vaca.



Esta dependencia do concentrado reflíctese nos gastos directos de alimentación do rabaño, que se pode considerar relativamente estábel, aínda que os gastos derivados da compra de concentrado e forraxes comezan a reducirse a partir de 2001. Paralelamente, obsérvase un incremento dos gastos na produción de forraxes propias, debido, principalmente, á substitución dos prados polo cultivo de millo forraxeiro, que supuxo elevar o seu custo de 1,94 €/100 l en 1998 a 3,32 €/100 l en 2005 (Gráfico 7).

³ Segundo os informes anuais de European Dairy Farmers. EDF-Report. *Cost comparison analysis*,

Gráfico 7. Evolución dos gastos en alimentación (€/100 l).




Cómpre salientar que as mudanzas no consumo de concentrado e nos gastos en alimentación do gando non son alleas á evolución do prezo do leite. Despois do descenso de 1999, recuperaríase até alcanzar o seu valor máximo en 2001. A partir dese ano rexístrase unha baixa, que no Estado Español sería máis suave que no resto de Europa. Non obstante, en 2004 experimentou unha alta conxuntural.



Por outra parte, a evolución do prezo do concentrado parece axustarse á do leite, como proba o feito de que a relación entre o prezo leite e o do concentrado se mantivo estábel ao longo do período analizado (Gráfico 8) alcanzando en 2001 o seu máximo valor (1,54).

Gráfico 8. Evolución do prezo do leite (€/1000 l) e do concentrado (€/t) e da relación entre ambos os dous.



A calidade do leite rexistrou un lixeiro aumento do contido de graxa mentres se mantivo o de proteína, aínda que con variacións ao longo dos anos. O nivel de bacterioloxía e a presenza de células somáticas melloraron considerabelmente. En xeral, pódese considerar que o leite foi de boa calidade no período estudado.

2.2. Resultados económicos

O Produto Bruto por explotación, a pesar de se expresar en termos monetarios, tivo moi pouca variación no período considerado e atinxiu ao valor máximo en 2001, coincidindo cos máximos alcanzados polo prezo do leite. O peso dos rendementos procedentes do leite, que se sitúan arredor do 90% dos ingresos totais, é indicativo dunha acusada especialización e de que a rendibilidade e persistencia das explotacións galegas depende, en gran medida, do prezo deste produto (Táboa 6).

O capítulo relativo aos ingresos que non proceden do leite diminuíron desde o 16 % en 1998 até o 12,8 % en 2005 e alcanzou a porcentaxe máis baixa en 2002, talvez inducido polo elevado prezo do leite do ano anterior. A escasa diversificación produtiva acentúa a vulnerabilidade destas explotacións fronte ás oscilacións do prezo do leite (Gráfico 9).

Táboa 6. Evolución dos resultados económicos

	1998	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005
INGRESOS (€/100 l)								
Venda do leite	30,32	28,75	29,08	34,02	31,33	31,12	32,76	31,86
Venda neta de animais	2,40	2,15	2,26	1,43	1,62	1,75	1,78	2,46
Outros ingresos	2,14	2,07	1,87	1,50	0,49	0,50	0,54	1,93
Variación de inventario	1,26	0,88	1,32	1,30	1,27	1,36	1,94	0,28
Produto Bruto	36,11	33,85	34,53	38,24	34,71	34,72	37,02	36,53
Cobros	33,98	31,78	32,66	36,75	34,22	34,23	36,48	36,72
Venda leite/Produto Bruto (%)	84	85	84	89	90	90	88	87
CUSTOS (€/100 l)								
Alimentación mercada para vacas	8,55	8,33	8,82	10,04	9,95	9,60	9,28	8,14
Concentrados	8,24	8,00	8,40	9,18	9,17	9,04	8,75	7,70
Forraxes	0,31	0,33	0,42	0,87	0,78	0,56	0,53	0,44
Aliment. mercada para recria e cebo	1,66	1,53	1,50	1,53	1,42	1,19	1,21	1,05
Produción propia de forraxes	1,94	1,87	1,92	2,23	2,37	2,55	2,82	3,32
Sanidade e reprodución	1,66	1,70	1,65	1,78	1,84	1,90	2,11	2,18
Energía e uso das máquinas	1,20	1,24	1,39	1,49	1,52	1,82	1,88	2,05
Total Custos Variábeis	15,01	14,68	15,28	17,06	17,09	17,51	17,31	16,74
Amortizacións técnicas	2,82	2,73	2,67	2,46	2,93	2,71	3,73	3,21
Salarios	0,40	0,31	0,38	0,26	0,25	0,43	0,88	1,26
Custos fixos	3,10	3,03	2,94	2,70	2,22	2,27	2,23	2,57
Total Custos de Estrutura	6,32	6,07	6,00	5,42	5,40	5,41	6,84	7,04
Custos Totais (€/100 l)	21,33	20,75	21,28	22,48	22,50	22,91	24,15	23,78
Pagamentos	18,51	18,02	18,60	20,02	19,56	20,21	20,42	21,03
Marxe Neta (€/100 l)	14,78	13,10	13,25	15,76	12,21	11,81	12,87	12,75
FLUXO DE CAIXA (Cobros - pagamentos)	15,47	13,76	14,06	16,72	14,66	14,02	16,06	15,68
CUSTOS DE OPORTUNIDADE (€/100 l)								
Xuros dos capitais propios	1,94	1,86	1,80	1,68	2,04	1,99	1,79	1,69
Renda das terras propias	0,69	1,34	1,28	1,61	1,37	1,29	1,20	1,78
Custo do traballo familiar	6,67	5,60	6,41	7,21	5,79	6,15	5,42	5,27
Total Custos de Oportunidade	9,29	8,79	9,48	10,49	9,20	9,43	8,42	8,74
Beneficio Empresarial (€/100 l)	5,49	4,31	3,77	5,27	3,01	2,38	4,45	4,45

Gráfico 9. Evolución da composición do Produto Bruto (€/100 l).





Gráfico 10. Evolución (1998-2005) dos resultados económicos (€/100 l).



A evolución dos custos de produción manifesta a tendencia crecente destes en case todos os capítulos. Cómpre salientar os fortes incrementos nos custos referentes á produción de forraxes e maquinaria derivados do aumento da superficie de millo forraxeiro, así como os relativos á sanidade e reprodución animal, que denotan unha mudanza no manexo das explotacións (Gráfico 10) e a alza dos custos salariais desde 2002.

Os resultados económicos tanto en termos de marxe neta como de beneficio empresarial están directamente relacionados co prezo do leite e mostran a grande rixidez do sistema produtivo, pois as explotacións révelanse incapaces de reducir os custos de modo que poidan manter as marxes en anos de baixa deste.

A marxe neta reduciuse entre 1998 e 2005 e o beneficio empresarial tamén diminuíu, aínda que en menor medida, debido á contracción dos custos de oportunidade.

3.


**ANÁLISE DE GRUPOS DAS
EXPLOTACIÓNS LEITEIRAS GALEGAS
(1998–2005)**

3. ANÁLISE DE GRUPOS DAS EXPLOTACIÓNS LEITEIRAS GALEGAS (1998–2005)

A análise de grupos busca descubrir as razóns que explican as diferenzas de resultados entre as explotacións mediante a comparación cos resultados medios de dous grupos: o de cabeza, que reúne o 25% das explotacións con mellores resultados, e o de cola, que recolle o 25% das explotacións cos peores. Xunto aos valores medios destes dous grupos extremos, a terceira referencia é a media xeral da totalidade das explotacións.


Esta análise require establecer previamente un criterio clasificatorio que permita ordenar as explotacións e definir con claridade a formación dos grupos en función dos resultados económicos. O máis frecuente é utilizar a marxe neta, o limiar de rendibilidade ou a relación porcentual entre o Custo Total de Produción e o Produto Bruto da explotación. Optouse por este último porque, ao analizar unha serie de resultados anuais, é o que máis amortece o impacto da inflación. Por outra parte, existe unha estreita relación entre este criterio e a marxe neta (Gráfico 11), aínda que o resultado da clasificación non sexa o mesmo en ambos os dous casos.

Gráfico 11. Distribución das explotacións segundo a relación entre Marxe Neta (€/100 l) e CustoTotal/Produto Bruto (%).



Ao non estaren os grupos compostos polas mesmas explotacións ao longo de todo o período, as comparacións entre grupos deben facerse ano a ano, aínda que se poida apreciar a tendencia nalgunha variábel. A relación entre Custo Total e Produción Bruta corre paralela, con toda lóxica, para os grupos de cabeza e cola e a media xeral. Cómpre resaltar a caída deste indicador en 2001, que reflicte a importancia do prezo do leite nos excelentes resultados dese ano. A diferenza desta relación entre cabeza e cola é case constante ao longo do período (Gráfico 12).

Gráfico 12. Evolución da relación Custo Total/Produto Bruto (%).



3.1. Resultados técnicos


Non existen grandes diferenzas de tamaño entre ambos os dous grupos na superficie, número de vacas e volume de produción e, nalgúns anos, as de cola mesmo son máis grandes, o que indica que os resultados non dependen do tamaño (Táboa 7).

Tampouco existen diferenzas de carga gandeira entre ambos dous os grupos, tanto en termos de vacas/ha como de UGM/ha. As oscilacións que se observan na carga gandeira parecen indicar que esa é a variábel que con maior facilidade alteran os produtores para se axustar ás oscilacións do mercado. Diante dunha caída ou alza do prezo do leite resulta máis doado alterar o número de cabezas que modificar aspectos do manexo, que están condicionados pola estrutura da explotación ou polas instalacións (Gráfico 13).

Táboa 7. Evolución dos índices técnicos (1998-2005).


	Media	1998	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005
Produción comercializada (l)	Cabeza	149.484	151.779	170.040	165.778	238.591	220.998	213.884	203.716
	Xeral	141.886	153.613	165.118	184.357	241.916	227.624	258.540	265.840
	Cola	120.432	138.700	141.219	179.615	224.911	187.016	291.060	283.566
SAU (ha)	Cabeza	14,0	13,8	13,9	13,0	16,8	18,4	17,4	17,3
	Xeral	13,5	13,7	14,0	14,1	18,3	18,4	21,0	19,7
	Cola	13,0	13,0	13,8	14,2	20,1	16,0	25,2	20,9
Número vacas leiteiras	Cabeza	25,7	25,9	28,0	27,3	34,8	32,7	32,5	31,5
	Xeral	24,3	25,8	27,6	30,0	36,2	35,2	37,4	37,2
	Cola	22,1	24,3	25,7	30,0	35,4	32,6	41,3	37,2
Vacas/ha	Cabeza	1,83	1,87	2,01	2,10	2,10	1,80	1,90	1,82
	Xeral	1,80	1,90	2,00	2,10	2,00	1,90	1,80	1,90
	Cola	1,69	1,86	1,86	2,11	1,80	2,00	1,60	1,78
UGM/ha	Cabeza	2,60	2,60	2,80	2,90	2,90	2,60	2,60	2,49
	Xeral	2,55	2,64	2,74	2,94	2,85	2,67	2,59	2,63
	Cola	2,40	2,59	2,56	2,83	2,67	2,73	2,52	2,52
Partos/vaca/ano	Cabeza	0,85	0,82	0,81	0,78	0,85	0,85	0,89	0,90
	Xeral	0,84	0,83	0,82	0,79	0,85	0,84	0,86	0,91
	Cola	0,83	0,81	0,80	0,78	0,83	0,82	0,84	0,94
Rendemento leiteiro (l/vaca/ano)	Cabeza	5.816	5.867	6.071	6.065	6.974	6.816	6.661	6.507
	Xeral	5.827	5.960	5.973	6.160	6.786	6.506	6.962	7.185
	Cola	5.449	5.713	5.495	5.995	6.429	5.684	7.094	7.640
Consumo concentrado (kg/vaca/ano)	Cabeza	2.115	2.075	2.122	2.153	2.506	2.414	2.152	1.835
	Xeral	2.327	2.435	2.402	2.553	2.589	2.512	2.416	2.335
	Cola	2.351	2.570	2.424	2.778	2.559	2.453	2.586	2.663
Concentrado/ leite (g/l)	Cabeza	350	350	350	350	360	350	320	282
	Xeral	400	410	400	410	380	390	350	330
	Cola	430	450	440	460	400	430	360	349
Fertilizantes (€/ha)	Cabeza	112	103	106	126	167	135	145	115
	Xeral	122	121	125	163	173	153	155	159
	Cola	117	132	120	188	178	176	154	168
Calidade do leite									
% graxa	Cabeza	3,81	3,79	3,83	3,82	3,94	3,83	3,95	4,03
	Xeral	3,79	3,77	3,80	3,83	3,94	3,85	3,96	3,95
	Cola	3,75	3,76	3,79	3,80	3,92	3,83	3,97	3,90
% proteína	Cabeza	3,11	3,12	3,11	3,08	3,16	3,14	3,14	3,16
	Xeral	3,10	3,11	3,08	3,08	3,15	3,14	3,23	3,14
	Cola	3,08	3,10	3,07	3,06	3,14	3,12	3,44	3,11
Bacterioloxía (000)	Cabeza	34	39	31	28	29	23	24	27
	Xeral	39	41	35	28	32	25	26	28
	Cola	51	48	50	33	38	27	25	24
Células somáticas	Cabeza	271	233	229	219	237	237	225	216
	Xeral	283	241	234	222	249	241	237	210
	Cola	313	252	271	233	260	244	252	210

Gráfico 13. Evolución do tamaño do rabaño e da carga gandeira nos grupos de cabeza e cola.



Tampouco existen grandes diferenzas no rendemento por vaca, aínda que chegue a haber máis de 1000 l a favor das de cabeza en 2003 e das de cola en 2005. O rendemento por vaca, ao contrario do que acontece coa carga, é menos flexíbel a curto prazo e tende a aumentar de forma continua e suave, aínda que iso sexa máis evidente nas medias xerais (Gráfico 14).

Gráfico 14. Evolución da produción de leite por explotación e do rendemento por vaca nos grupos de cabeza e de cola.



Onde son claras as diferenzas a favor das explotacións de cabeza é nos gastos de fertilización, o que indica que este grupo xestiona mellor os seus recursos. Tamén son evidentes no consumo de concentrado por vaca, mesmo se en 2002 e 2003 as diferenzas se reducen considerablemente entre ambos dous os grupos. Non obstante, onde mellor se perciben as diferenzas é na relación entre consumo de concentrado e produción de leite, que diminuíu desde 410 gr/l de media, en 2001 até 330 gr/l en 2005. Este descenso aínda foi máis acusado no grupo de cola, onde alcanzou o 24%.

Na calidade do leite non se aprecian diferenzas sensíbeis entre as explotacións de cabeza e de cola, o que resulta lóxico na medida en que os estándares están definidos pola industria; e a baixa nestes supón a suspensión da recollida. Tampouco existen diferenzas no número de partos anual por vaca.

En resumo, a vantaxe das explotacións de cabeza sobre as de cola radica en que controlan máis eficientemente o uso de fertilizantes e o consumo de concentrado, o que indica que a súa xestión é mellor.

3.2. Resultados económicos

O prezo do leite, despois da alza de 2001 e a caída do ano seguinte, manteríase bastante estábel, aínda que houbera algunha repunta conxuntural, como a de 2004 que beneficiou a todas as explotacións en xeral.


Cabe salientar que o prezo do leite percibido polas explotacións de cabeza foi lixeiramente superior ao cobrado polas de cola até 2004, ano en que se inverte a relación. Con todo, non se aprecian grandes diferenzas entre ambos os dous grupos que, curiosamente, en 2005 conseguen un prezo inferior ao da media (Táboa 8).

Táboa 8. Evolución dos prezos do leite e do concentrado.

		1998	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005
Prezo medio do leite (€/100 l)	Cabeza	31,62	28,86	28,96	33,95	31,61	31,26	32,67	31,29
	Media	30,32	28,75	29,08	34,02	31,33	31,12	32,76	31,86
	Cola	29,60	28,25	28,20	33,63	30,68	30,65	32,89	31,74
Prezo medio do concentrado (€/t)	Cabeza	204	198	207	218	219	215	223	213
	Media	206	196	209	221	220	219	230	215
	Cola	209	201	211	220	219	224	232	210

O prezo do concentrado foi inferior nas explotacións de cabeza agás en 2005. Na realidade, as diferenzas tampouco foron moi grandes, salvo en 2003 e 2004, en que a incidencia nos custos de produción é moi importante no grupo de cola, pois ao maior consumo de concentrado hai que sumar o impacto dun prezo máis alto.

Gráfico 15. Evolución dos prezos do leite (€/100 l) e concentrado(€/t) nos grupos de cabeza e cola.



Até 2004 os ingresos derivados da venda do leite eran máis altos no grupo de cabeza e a partir dese ano son superiores no grupo de cola. As vendas netas de animais son maiores nas explotacións de cabeza, igual que os outros ingresos e a variación de inventario. O resultado é un Produto Bruto máis alto nas explotacións de cabeza ao longo de todo o período. Tendo en conta que a porcentaxe dos ingresos por venda do leite, relativamente ao Produto Bruto, é superior nas explotacións de cola, o maior Produto Bruto do grupo de cabeza débese aos ingresos doutras actividades, o que significa que os mellores resultados das explotacións de cabeza se deben, en parte, a que contan cunha maior diversificación de rendas e que, polo tanto, poden resistir mellor as baixas do prezo do leite (Táboa 9).

Os custos variábeis son máis baixos nas explotacións de cabeza ao longo de todo o período porque tamén o son todos e cada un dos compoñentes destes. As explotacións de cabeza gastan menos na alimentación das vacas, tanto na compra de concentrados coma na de forraxes, e tamén na alimentación dos animais de recría e de cebo e mesmo na produción das forraxes propias. O mesmo acontece cos custos de sanidade e reprodución e cos de enerxía e maquinaria, aínda que neste apartado en 2005 son semellantes e inferiores aos da media en ambos os dous grupos (Táboa 10).

Táboa 9. Evolución dos ingresos (€/100 l).

		1998	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005
Venda do leite	Cabeza	31,62	28,86	28,96	33,95	31,61	31,26	32,67	31,29
	Media	30,32	28,75	29,08	34,02	31,33	31,12	32,76	31,86
	Cola	29,60	28,25	28,20	33,63	30,68	30,65	32,90	31,74
Venda neta de animais	Cabez	2,42	2,31	2,33	1,50	1,80	1,87	1,91	3,93
	Media	2,40	2,15	2,26	1,43	1,62	1,75	1,78	2,46
	Cola	2,45	2,16	2,00	1,34	1,49	1,85	1,66	1,99
Outros ingresos	Cabeza	1,57	1,14	2,36	1,57	1,46	1,17	2,22	2,14
	Media	2,14	2,07	1,87	1,50	0,49	0,50	0,54	1,93
	Cola	1,22	0,75	0,82	1,00	0,00	0,74	1,73	1,59
Variación do Inventario	Cabeza	3,27	3,18	3,02	2,16	0,73	1,98	1,37	0,78
	Media	1,26	0,88	1,32	1,30	1,27	1,36	1,94	0,28
	Cola	0,93	0,82	0,39	0,65	0,81	- 0,08	- 0,05	-0,02
Produto Bruto	Cabeza	38,87	35,48	36,67	39,18	35,61	36,27	38,17	38,14
	Media	36,11	33,85	34,53	38,24	34,71	34,72	37,02	36,53
	Cola	34,21	31,97	31,41	36,62	32,89	33,16	36,24	35,30
Venda leite/Produto Bruto (%)	Cabeza	81	81	79	87	89	86	86	82
	Media	84	85	84	89	90	90	88	87
	Cola	87	88	90	92	93	92	91	90

Dos custos de estrutura pódese dicir outro tanto. Nas explotacións de cabeza son inferiores aos de cola ao longo de todo o período e non só na suma total senón en todos e cada un dos seus compoñentes. Así acontece coas amortizacións técnicas, salarios e outros custos fixos. Polo tanto, os custos de estrutura, e mesmo os totais, son inferiores nas explotacións de cabeza.


Como o prezo do leite é semellante para ambos os dous grupos, as diferenzas nos custos totais son as que mellor explican a diverxencia de resultados. Como a relación entre prezo do leite e o custo de produción foi favorábel ao longo de todo o período, os resultados foron positivos mesmo para as explotacións de cola, nas que se observa unha redución do custo de produción a partir de 2004 (Gráfico 16).

Táboa 10. Evolución dos custos (€/100 l).

		1998	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005
Alimentación mercada para vacas	Cabeza	7,54	6,96	7,54	8,09	8,84	8,19	7,75	6,46
	Media	8,55	8,33	8,82	10,04	9,95	9,60	9,28	8,14
	Cola	9,52	9,42	9,75	11,61	11,08	10,81	10,40	8,25
Concentrados	Cabeza	7,41	6,83	7,22	7,73	8,37	8,02	7,61	6,33
	Media	8,24	8,00	8,40	9,18	9,17	9,04	8,75	7,70
	Cola	9,01	8,94	9,30	10,20	9,95	10,06	9,80	7,78
Forraxes	Cabeza	0,12	0,12	0,31	0,37	0,47	0,17	0,14	0,13
	Media	0,31	0,33	0,42	0,87	0,78	0,56	0,53	0,44
	Cola	0,51	0,48	0,45	1,40	1,13	0,75	0,60	0,47
Alimentación mercada para recría e cebo	Cabeza	1,34	1,25	1,22	1,03	1,18	0,87	0,99	0,92
	Media	1,66	1,53	1,50	1,53	1,42	1,19	1,21	1,05
	Cola	2,12	1,85	1,74	1,34	1,74	1,56	1,52	1,04
Produción propia de forraxes	Cabeza	1,66	1,43	1,61	1,61	2,05	1,83	2,33	2,53
	Media	1,94	1,87	1,92	2,23	2,37	2,55	2,82	3,32
	Cola	2,25	2,19	2,11	2,75	2,85	3,25	3,19	3,47
Sanidade e reprodución	Cabeza	1,40	1,25	1,27	1,26	1,61	1,56	1,58	1,64
	Media	1,66	1,70	1,65	1,78	1,84	1,90	2,11	2,18
	Cola	1,93	2,08	2,02	2,10	2,03	2,23	2,70	2,28
Energía e uso das máquinas	Cabeza	0,89	0,89	1,13	1,14	1,30	1,62	1,59	1,93
	Media	1,20	1,24	1,39	1,49	1,52	1,82	1,88	2,05
	Cola	1,59	1,66	1,76	1,94	1,83	2,35	2,22	1,82
Total Custos Variábeis	Cabeza	12,82	11,78	12,76	13,14	14,98	14,07	14,24	13,49
	Media	15,01	14,68	15,28	17,06	17,09	17,51	17,31	16,74
	Cola	17,40	17,20	17,37	19,74	19,54	20,19	20,03	16,85
Amortizacións técnicas	Cabeza	2,16	2,17	2,14	2,06	2,22	1,85	2,56	3,07
	Media	2,82	2,73	2,67	2,46	2,93	2,71	3,73	3,21
	Cola	3,59	3,29	3,31	2,89	4,39	3,69	4,65	3,79
Salarios	Cabeza	0,11	0,10	0,36	0,01	0,12	0,12	0,18	0,15
	Media	0,40	0,31	0,38	0,26	0,25	0,43	0,88	1,26
	Cola	1,01	0,73	0,79	0,70	0,35	0,95	1,95	3,11
Outros custos fixos	Cabeza	2,61	2,47	2,83	2,34	1,89	1,89	1,75	2,08
	Media	3,10	3,03	2,94	2,70	2,22	2,27	2,23	2,57
	Cola	5,19	4,69	4,55	3,88	3,21	3,67	4,69	5,91
Total Custos de Estrutura	Cabeza	4,78	4,64	4,97	4,40	4,11	3,74	4,31	5,15
	Media	6,32	6,07	6,00	5,42	5,40	5,41	6,84	7,04
	Cola	8,78	7,97	7,86	6,78	7,61	7,37	9,34	9,70
CUSTOS TOTAIS DE PRODUCCIÓN	Cabeza	17,59	16,42	17,72	17,54	19,09	17,81	18,55	18,64
	Media	21,33	20,75	21,28	22,48	22,50	22,91	24,15	23,78
	Cola	26,18	25,18	25,24	26,51	27,14	27,56	29,37	26,55
Xuros dos capitais propios	Cabeza	1,76	1,78	1,61	1,53	1,12	1,20	1,29	1,91
	Media	1,94	1,86	1,80	1,68	2,04	1,99	1,79	1,69
	Cola	2,18	1,85	2,09	1,83	0,84	1,85	2,25	1,82
Renda das terras propias	Cabeza	0,68	1,37	1,23	1,65	2,02	1,39	2,45	2,04
	Media	0,69	1,34	1,28	1,61	1,37	1,29	1,20	1,78
	Cola	0,78	1,41	1,47	1,66	2,14	1,31	1,80	1,76
Custo do traballo familiar	Cabeza	6,36	6,53	5,83	7,54	5,87	7,13	6,14	6,87
	Media	6,67	5,60	6,41	7,21	5,79	6,15	5,42	5,27
	Cola	7,86	7,15	7,02	6,96	6,22	7,27	6,01	4,94
CUSTOS TOTAL DE OPORTUNIDADE	Cabeza	8,77	9,68	8,67	10,72	9,01	9,72	9,87	10,82
	Media	9,29	8,79	9,48	10,49	9,20	9,43	8,42	8,74
	Cola	10,82	10,41	10,59	10,45	9,21	10,43	10,06	8,52

Nos custos de oportunidade, os imputábeis á utilización de capitais propios é inferior no grupo de cabeza, salvo en 2005. Os relativos á renda da terra son máis altos nas explotacións de cabeza porque teñen unha maior proporción de terras propias; e outro tanto acontece co custo de oportunidade do traballo familiar, ao contaren con menos asalariados que as de cola.

Gráfico 16. Evolución dos custos totais de produción e do prezo do leite (€/100 l) nos grupos de cabeza e cola.




A suma dos custos totais de produción máis os de oportunidade é inferior no grupo de cabeza. O resultado duns ingresos superiores e duns custos inferiores é unha marxe neta e un beneficio superiores nas explotacións de cabeza en todos os anos do período estudado. Ademais, o beneficio deste grupo é mesmo superior á marxe neta do grupo de cola, que non sae das perdas até 2005 (Táboa 11).

Táboa 11. Evolución dos resultados (€/100 l).

		1998	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005
Custo Total (€/100 l)	Cabeza	26,36	26,10	26,39	28,26	28,10	27,53	28,42	29,46
	Media	30,62	29,54	30,76	32,97	31,70	32,34	32,57	32,52
	Cola	37,00	35,59	35,83	36,96	36,35	37,99	39,43	35,07
Marxe Neta (€/100 l)	Cabeza	21,28	19,06	18,94	21,64	16,53	18,46	19,62	19,50
	Media	14,78	13,10	13,25	15,76	12,21	11,81	12,87	12,75
	Cola	8,02	6,79	6,17	10,11	5,75	5,61	6,86	8,75
Beneficio (€/100 l)	Cabeza	12,52	9,38	10,27	10,92	7,51	8,74	9,75	8,68
	Media	5,49	4,31	3,77	5,27	3,01	2,38	4,45	4,45
	Cola	-2,80	-3,62	-4,41	-0,35	-3,46	-4,83	-3,20	0,23

Con todo, cómpre salientar que no grupo de cola se observa unha clara melloría da relación entre custos totais e Produto Bruto e, polo tanto, dos resultados desde 2003 (Gráfico 17).

Gráfico 17. Evolución da Marxe Neta e do Beneficio (€/100 l) nos grupos de cabeza e cola.



4.

EVOLUCIÓN DO GRUPO PERMANENTE

4. EVOLUCIÓN DO GRUPO PERMANENTE

O número de produtores que participaron nas análises variou ao longo dos anos e, ademais, non sempre foron as mesmas explotacións, o que limita a validez das conclusións expostas tanto na análise xeral coma na de grupos.

Entre 1998 e 2005 só 27 explotacións estiveron presentes en todos os estudos anuais. A pesar de tratarse dun grupo reducido, a súa evolución pode subministrar algunha información sobre as estratexias seguidas polas explotacións para reducir os custos de produción no período estudado. Por outra parte, o cambio de tendencia observado a partir de 2001 facía necesario analizar tamén, por separado, o período 2001-2005 no que se conta con 69 explotacións presentes en todas as análises anuais para coñecer a tendencia dos últimos anos.

4.1. Evolución 1998–2005

A evolución do grupo permanente de explotacións é similar á da totalidade das explotacións analizadas ao longo do período 1998-2005, aínda que o seu sistema de produción é algo máis intensivo (Táboas 12 e 13). De feito, apenas existe diferenza no tamaño da SAU, mais o número de vacas, e polo tanto a carga gandeira, é maior no grupo permanente (Gráfico 18).



A mesma similitude pode observarse na evolución da carga gandeira e da produción por vaca. A única diferenza está en 2003, en que os resultados do grupo permanente parecen máis representativos da realidade que a media da totalidade das explotacións analizadas, cuxo errático comportamento se comentou anteriormente debido á composición da mostra dese ano. O máis salientábel é que mentres a produción por vaca seguiu aumentando, a carga gandeira experimentou unha redución en ambos os dous casos a partir de 2001(Gráfico 19).

Táboa 12. Evolución dos índices técnicos da mostra permanente.

	1998	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005
TAMAÑO DAS EXPLOTACIÓNS								
SAU (ha)	14,40	15,10	15,20	15,20	19,10	19,90	20,80	20,80
Nº de vacas	30,70	33,50	35,60	38,30	42,20	40,90	41,40	42,30
Produción comercializada (l)	221.838	246.032	260.955	288.646	321.327	314.147	324.004	336.751
Produción /SAU (l/ha)	15.405	16.294	17.168	18.990	16.823	15.786	15.577	16.190
MANEXO DO GANDO								
Vacas/ha	2,10	2,20	2,30	2,50	2,20	2,10	2,00	2,00
UGM/ha	2,86	3,13	3,39	3,65	3,23	2,84	2,87	2,78
Partos/vaca/ano	0,88	0,83	0,86	0,87	0,89	0,90	0,90	0,84
MANEXO DA FERTILIZACIÓN								
Fertilizantes (€/ha)	195	214	238	254	174	166	190	168
– N/ha (kg)	159	166	187	162	124	131	129	128
– P ₂ O ₅ /ha (kg)	126	132	140	131	81	80	93	84
– K ₂ O/ha (kg)	88	86	98	86	63	63	72	59
PRODUCCIÓN DO LEITE E USO DO CONCENTRADO								
Rendemento (l/vaca)	7.220	7.348	7.324	7.539	7.733	7.747	7.904	8.025
Concentrado (kg/vaca)	2.989	3.106	3.006	3.243	2.995	2.943	2.878	2.753
Concentrado/leite (g/l)	410	420	410	430	390	380	360	340
GASTOS EN ALIMENTACIÓN (€/100 l)								
Compra de concentrado	8,6	8,6	8,6	9,6	9,1	9,1	9,3	8,0
Compra de forraxes	0,6	0,6	0,7	1,3	1,0	0,8	0,9	0,9
Produción de forraxes propias	2,2	2,3	2,7	2,9	2,5	3,2	3,2	3,1
CALIDADE DO LEITE								
% graxa	3,92	3,72	3,89	3,77	3,92	3,86	3,95	3,92
% proteína	3,15	3,05	3,16	3,04	3,17	3,10	3,17	3,18
Bacterioloxía (000)	25	24	21	20	15	14	17	19
Células somáticas (000)	232	209	219	202	205	213	218	225
PREZOS								
Leite (€/100 l)	30,47	29,41	30,26	35,04	32,65	32,13	33,57	32,96
Concentrado (€/t)	207	200	210	224	215	219	230	218
Relación prezos leite/concentrado	1,47	1,47	1,44	1,57	1,52	1,47	1,46	1,51

En xeral, desde o punto de vista da xestión e do manexo, o comportamento do grupo permanente de explotacións ao longo do período parece bastante representativo do da totalidade das explotacións analizadas en cada ano. Mais onde mellor se aprecia a similitude do grupo permanente coa totalidade das explotacións é no paralelismo da evolución de custos variábeis e fixos (Gráfico 20), así como na dos custos totais de produción e da marxe neta, aínda que pola súa maior intensificación produtiva sexan algo máis altos os valores do grupo permanente (Gráfico 21).

Táboa 13. Evolución dos índices económicos da mostra permanente.

	1998	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005
INGRESOS (€/100 l)								
Venda do leite	30,47	29,41	30,26	35,04	32,65	32,13	33,57	32,96
Venda neta de animais	1,73	1,89	1,23	1,09	1,15	1,94	2,14	1,92
Outros ingresos	1,65	0,41	1,41	1,54	0,46	0,85	2,48	1,62
Variación de inventario	1,58	1,94	1,70	1,92	1,14	-0,40	0,02	-0,05
Total outros ingresos	3,23	2,35	3,11	3,46	1,60	0,45	2,50	1,57
Produto Bruto	35,44	33,65	34,60	39,60	35,40	34,52	38,21	36,45
CUSTOS VARIÁBEIS (€/100 l)								
Compra alimentos vacas	9,12	9,12	9,32	10,94	10,06	9,90	10,18	8,95
Concentrados	8,57	8,56	8,63	9,62	9,06	9,08	9,25	8,02
Forraxes	0,55	0,56	0,69	1,32	1,00	0,82	0,93	0,93
Compra alimentos recría	1,69	1,80	1,85	1,85	1,29	1,15	1,40	0,93
Produción propia, forraxes	2,19	2,29	2,77	2,87	2,52	3,18	3,17	3,11
Sanidade e reprodución	1,67	2,05	1,90	2,33	2,40	2,23	2,35	2,63
Energía e maquinaria	1,08	1,66	1,48	1,68	2,19	2,36	2,11	2,47
Total Custos Variábeis	15,74	16,92	17,32	19,67	18,46	18,82	19,21	18,09
CUSTOS FIXOS (€/100 l)								
Amortizacións técnicas	1,65	1,54	1,45	1,61	1,63	1,65	1,94	2,04
Outros custos fixos	3,41	4,26	3,18	3,33	3,00	3,43	3,80	4,02
Man de obra retribuída	0,40	0,61	0,58	0,54	0,57	0,06	0,80	0,77
Total Custos de Estrutura	5,06	5,79	4,63	4,94	4,63	5,08	5,74	6,05
Custo Total de Produción	20,80	22,71	21,95	24,60	23,09	23,90	24,94	24,15
CUSTOS DE OPORTUNIDADE (€/100 l)								
Xuros dos capitais propios	1,38	1,30	1,25	1,27	1,12	1,42	1,34	1,42
Renda das terras propias	0,47	0,92	0,88	1,11	1,43	1,45	1,47	1,48
Custo do traballo familiar	4,27	4,03	3,80	4,06	4,09	4,18	4,32	4,16
Total Custo de Oportunidade	6,11	6,25	5,93	6,44	6,63	7,05	7,13	7,06
Custos Totais	26,91	28,96	27,88	31,04	29,72	30,95	32,07	31,21
RESULTADOS ECONÓMICOS								
Marxe Neta	14,64	10,94	12,65	14,99	12,31	10,62	13,26	12,30
Beneficio	8,53	4,69	6,72	8,55	5,67	3,58	6,13	5,24

Gráfico 18. Evolución da SAU (ha), número de vacas e leite vendido por explotación (000 l) da media xeral (MX) e do grupo permanente(GP) das explotacións.




Gráfico 19. Evolución da carga gandeira (vacas/ha e do rendemento leiteiro l/vaca) da media xeral (MX) e do grupo permanente (GP) das explotacións.




Gráfico 20. Evolución dos gastos variábeis e fixos (€/100 l) na media xeral (MX) e no grupo permanente (GP) das explotacións.





Gráfico 21. Evolución do custo de produción e da Marxe Neta (€/100 l) da media xeral (MX) e do grupo permanente (GP) das explotacións



4.2. Evolución 2001–2005

A partir da caída do prezo do leite, despois da alza de 2001, parece que moitos produtores toman conciencia de que o declive do prezo do leite é unha realidade que vai condicionar o futuro das súas explotacións, mais non todos reaccionarán do mesmo xeito. Para tentar coñecer o seu comportamento decidiuse clasificar as explotacións en función da evolución dos seus custos no período 2001-2005, no que se conta con 69 explotacións presentes en todas as análises anuais.

Como criterio de ordenación tomouse a diferenza dos valores da porcentaxe que o Custo Total de Producción (sen considerar os custos de oportunidade) representa relativamente ao Produto Bruto entre 2001 e 2005, polas mesmas razóns expostas anteriormente para a análise de grupos. O 25% das que menos reduciron a porcentaxe desta relación entre ambos os dous anos, ou mesmo a aumentaron, foi denominado “Grupo de Incremento”, e o composto polo 25% que máis a rebaixaron, “Grupo de Redución”.

A elección deste criterio xustifícase porque nunha situación en que a produción está limitada por unha cota e o consumo non é previsíbel que aumente de forma significativa, a redución dos custos de produción é a única maneira de manter a competitividade e adaptarse ás condicións do mercado.



Os resultados mostran que o grupo de redución incrementou a marxe neta nun 15% e o beneficio nun 9%, mentres o grupo de incremento sufriu unha caída do 40% e do 74% , respectivamente, en ambos os dous conceptos (Táboa 14).

Malia o seu menor volume de produción comercializada, o grupo de redución logra mellorar os seus resultados económicos, mentres se reducen no grupo de incremento, o que indica que o aumento de tamaño só implica economías da escala cando vai acompañado dunha diminución de custos.

Táboa 14. Evolución dos resultados económicos nos grupos con incremento e redución de custos.

	Grupo de Incremento			Grupo de Redución			Media Xeral		
	2001	2005	(%)	2001	2005	(%)	2001	2005	(%)
EXPLOTACIÓNS									
Nº de explotacións	17	17		17	17		69	69	
INGRESOS (€/100 l)									
Venda do leite	35,05	32,93	-6	34,21	32,26	-6	34,34	32,50	-5
Venda neta de animais	0,75	1,79	139	1,43	2,24	57	1,02	1,90	86
Outros ingresos	1,43	1,94	36	0,00	2,96	100	1,65	2,03	23
Variación de inventario	3,00	-1,30	-143	2,00	0,00	-100	1,60	0,30	-81
Produto Bruto	40,23	36,79	-9	37,64	37,46	-0	38,61	36,73	-5
Venda leite/Produto Bruto (%)	87	90	3	91	86	-5	89	88	-0
CUSTOS VARIÁBEIS (€/100 l)									
Compra alimentos vacas	11,90	9,87	-17	9,80	7,29	-26	10,40	8,56	-18
Concentrados	10,48	8,47	-19	9,28	6,90	-26	9,51	7,92	-17
Forraxes	1,40	1,40	0	0,51	0,40	-22	0,88	0,64	-27
Compra alimentos recría	1,90	1,23	-35	1,16	0,97	-17	1,54	1,03	-33
Produción propia de forraxes	2,83	3,82	35	2,86	2,84	-1	2,89	3,48	20
Sanidade e reprodución	2,45	2,83	16	2,41	2,50	4	1,52	2,65	74
Energía e maquinaria	1,24	2,70	118	1,71	1,92	12	1,66	2,32	40
Total Gastos Variábeis	20,32	20,47	1	17,94	15,53	-13	18,02	18,05	0
CUSTOS DE ESTRUTURA (€/100 l)									
Amortizacións técnicas	1,88	2,50	33	2,32	2,41	4	2,06	2,30	12
Outros custos fixos	2,83	3,56	25	2,47	2,23	-10	2,43	2,83	16
Man de obra retribuída	0,11	1,15	917	0,38	0,63	63	0,31	0,77	148
Total Custos de Estrutura	4,82	7,20	49	5,17	5,26	2	4,80	5,89	23
Custo Total de Produción	25,14	27,67	10	23,11	20,79	-10	22,82	23,94	5
CUSTOS DE OPORTUNIDADE (€/100 l)									
Xuros dos capitais propios	1,47	1,14	-22	1,56	1,50	-4	1,48	1,13	-24
Renda das terras propias	1,07	1,52	42	1,28	1,55	21	1,23	1,58	28
Custo do traballo familiar	5,35	4,63	-13	5,16	6,48	26	4,71	5,4	15
Total Custo de Oportunidade	7,89	7,29	-8	8,00	8,23	3	7,42	8,11	9
Custos Totais	33,04	34,96	6	31,12	29,02	-7	30,24	32,05	6
RESULTADOS ECONÓMICOS (€/100 l)									
Marxe Neta	15,09	9,13	-40	14,53	16,67	15	15,80	12,79	-19
Beneficio	7,19	1,83	-74	6,53	7,14	9	8,38	4,68	-44

A disparidade de resultados explícase polas diferenzas tanto en ingresos coma en gastos. O grupo de redución logrou estabilizar os seus ingresos totais compensando a diminución dos derivados da venda de leite (-6%) cun aumento doutros ingresos, mentres o grupo de incremento, a pesar da importante alza das vendas de gando (139%), non conseguiu compensar o descenso dos ingresos por leite.

O feito de que as explotacións que reduciron custos teñan máis ingresos procedentes de fontes diferentes ao leite significa que están algo máis diversificadas e que, polo tanto, son menos vulnerábeis fronte a caídas do prezo dese produto.

Cómpre salientar que a pesar do descenso do prezo do leite, este seguiu sendo máis alto no grupo de incremento e non tivo tanta influencia nos resultados coma no aumento do volume de produción e a diversificación dos rendementos. Por outra parte, os prezos do leite e do concentrado evolucionaron de forma semellante para ambos os dous grupos e non existen diferenzas relevantes en ningún dos casos.

Na realidade as disparidades entre ambos os dous grupos non radican nos ingresos senón nos gastos. O custo total de produción no grupo de redución, que xa era inferior en 2001, diminuíu un 10% até 2005, mentres que no grupo de incremento aumentou en idéntica porcentaxe.

Mentres os custos variábeis no grupo de redución descendieron un 13%, no grupo de incremento aumentaron un 1% debido fundamentalmente aos gastos en enerxía, maquinaria, sanidade e reprodución e produción de forraxes. Cabe destacar que no grupo de redución os custos variábeis xa eran inferiores aos do grupo de incremento en 2001 e as diferenzas seguiron ampliándose co transcurso do tempo.

O mesmo acontece cos custos totais de produción, que no grupo de redución diminúen un 10%, mentres se incrementan en idéntica porcentaxe no grupo de aumento que en 2001, curiosamente, tiña uns custos de estrutura inferiores.

Só nos custos de oportunidade, o grupo de incremento experimenta unha diminución (-8%), aínda que en 2001 xa eran inferiores aos do grupo de redución. Neste aumentaron un 3%, o que significa que a diferenza entre ambos os grupos se ampliou.

Desde o punto de vista do manexo, a evolución dos índices técnico-económicos de ambos dous grupos fornecen unha explicación sucinta do acontecido no período considerado (Táboa 15).

O grupo de incremento, que xa contaba con maior superficie agraria útil en 2001, aumentou (59%) en maior medida que o de redución (36%). O número de vacas, que tamén era superior no grupo de incremento en 2001, aumentou algo menos (14%) que no grupo de redución (18%), que segue a ter un rabaño menor. O resultado foi un descenso da carga gandeira no grupo de incremento, tanto en termos de vacas/ha (30%) coma de UGM/ha (28%). Esa diminución foi máis acusada que a experimentada polo grupo de redución, que alcanzou o 14% e 16%, respectivamente, para esas mesmas ratios. Aínda que a carga gandeira, medida en vacas/ha, é lixeiramente superior no grupo de redución, non acontece o mesmo en UGM/ha, o que indica que a súa re-posición é menor.



Esta diminución da densidade gandeira provocou un descenso do consumo de concentrado por vaca en ambos os dous grupos, aínda que no de redución (18%) foi máis acusado. Por esa razón, tamén diminuíu a relación entre consumo de concentrado e produción de leite, en maior medida no grupo de redución no que xa era menor en 2001 (410g/l).

Táboa 15. Evolución dos índices técnicos nos grupos de incremento e redución de custos.

	Grupo de Incremento			Grupo de Redución			Media Xeral		
	2001	2005	(%)	2001	2005	(%)	2001	2005	(%)
EXPLOTACIÓNS									
Nº de explotacións	17	17		17	17		69	69	
TAMAÑO DAS EXPLOTACIÓNS									
SAU (ha)	15	23,9	59	12,9	17,5	36	15,50	21,6	39
Nº de vacas	40,9	46,5	14	31,4	37,0	18	37,70	42,1	12
Produción comercializada (l/expl.)	292.329	378.078	29	211.921	270.407	28	265.256	324.867	22
Produción /SAU (l/ha)	19.489	15.855	- 19	16.458	15.577	- 5	17.089	15.177	- 11
MANEXO DO GANDO E DA FERTILIZACIÓN									
Vacas/ha	2,72	1,9	- 30	2,44	2,1	- 14	2,43	1,90	- 22
UGM/ha	3,97	2,86	- 28	3,22	2,72	- 16	3,44	2,73	- 21
Partos/vaca/ano	0,9	0,85	- 6	0,92	0,92	0	0,88	0,90	2
Fertilizantes (€/ha)	291,17	185,36	- 36	186,11	146,68	- 21	233,47	166,04	- 29
PRODUCCIÓN DE LEITE E USO DE CONCENTRADO									
Rendemento (l/vaca)	7.152	8.157	14	6.744	7.368	9	7.032	7.788	11
Concentrado (kg/vaca)	3.342	3.132	- 6	2.787	2.286	- 18	2.999	2.715	- 9
Concentrado/produción leite (g/l)	470	380	- 19	410	310	- 24	430	350	- 19
GASTOS EN ALIMENTACIÓN									
Compra concentrado (€/100 l)	10,48	8,47	- 19	9,28	6,9	- 26	9,51	7,92	- 17
Compra de forraxes (€/100 l)	1,4	1,4	0	0,51	0,4	- 22	0,88	0,64	- 27
Produción de forraxes propias (€/100 l)	2,83	3,82	35	2,86	2,84	- 1	2,89	3,48	20
CALIDADE DO LEITE									
% graxa	3,86	3,96	3	3,93	4,07	4	3,87	4,00	3
% proteína	3,07	3,19	4	3,14	3,21	2	3,11	3,20	3
Bacterioloxía (000)	19	21	11	34	26	- 24	27	25	- 7
Células somáticas (000)	210	206	- 2	249	323	30	226	226	0
PREZOS									
Leite (€/100 l)	35,05	32,93	- 6	34,21	32,26	- 6	34,34	32,50	- 5
Concentrado (€/t)	224,18	213,04	- 5	224,78	205,06	- 9	223,58	214,61	- 4
Relación entre prezos do leite e concentrado	1,56	1,55	- 1	1,52	1,57	3,00	1,54	1,51	- 1

Outra diferenza salientábel é que o grupo de incremento aumentou máis o rendemento por vaca (14%) que o grupo de redución (9%), a pesar de partir en 2001 dunha produción por vaca superior (7.152 l/vaca).

Con todo, o que mellor resume a combinación das variacións en SAU, número de vacas e produción de leite por vaca é a produción de leite por ha, índice cuxos valores non son moi distintos entre ambos os dous grupos e a media xeral.

Un aspecto interesante é que o custo da produción propia de forraxes se elevou considerabelmente no grupo de incremento (35%) mentres quedaba controlado no de redución (-1%). Porén non foi o custo dos alimentos comprados o que máis aumentou, a pesar da suba dos prezos dos concentrados, senón os relacionados coa intensificación produtiva, como os derivados da ampliación da superficie de millo forraxeiro ou de pradeiras de curta duración e a extensión do ensilado a toda a produción forraxeira. Isto supuxo unha suba do custo das forraxes propias, así como dos gastos en sanidade e reprodución e en man de obra, pola externalización dos labores mediante contratos a empresas de servizos.

Os problemas de tipo sanitario e reprodutivo reducen a vida útil das vacas, o que supón acelerar o ritmo da amortización e, polo tanto, aumentar o custo. Así, mentres no grupo de incremento os custos de sanidade e reprodución aumentan un 16%, no de redución só o fan un 4%.

Mentres no grupo de incremento, os custos de estrutura aumentan un 49%, no de redución, o incremento non pasa do 2%. O aumento dos custos de estrutura explícase pola introdución de novos sistemas de manexo. A incorporación do carro unifeed e a externalización de faenas poden mellorar a calidade de vida dos produtores, mais iso non é gratuítu e significa custos máis altos e, polo tanto, un beneficio menor.

A redución do gasto en fertilizantes que se observa en ambos os dous grupos, a pesar da crise petrolífera, pode explicarse pola mellor utilización dos fertilizantes orgánicos.

A diferenza de resultados entre o grupo de redución de custos en relación ao Produto Bruto e o incremento desa relación non é de tamaño, nin de volume de ingresos, nin de grao de intensificación do sistema produtivo, senón de manexo e xestión. A maior parte dos gandeiros descoñecen os seus custos de produción e acostuman tomar como referencia a súa facturación anual, que pouco indica sobre a marcha do negocio. Así, no caso que nos ocupa, o grupo de incremento ten un Produto Bruto de 139.095 € fronte aos 102.294 € do grupo de redución; mais a marxe neta deste é 45.077 € fronte aos só 34.519 € do primeiro.

Por outra parte, a adopción dunha innovación non implica sempre a mellora dos resultados económicos, nin os investimentos se poden xustificar pola existencia de subsidios. Tamén é certo que unha explotación agraria é algo máis que unha empresa e, polo tanto, cómpre analizar as cifras económicas en cada caso, sen perder de vista as aspiracións e a calidade de vida do produtor.

5.

ANÁLISE COMPARATIVA DAS
EXPLOTACIÓNS GALEGAS
NO MARCO EUROPEO
(1999–2005)

5. ANÁLISE COMPARATIVA DAS EXPLOTACIÓNS GALEGAS NO MARCO EUROPEO (1999–2005)

A necesidade de información sobre a competitividade das explotacións leiteiras no ámbito europeo levou ao Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo a iniciar un estudo comparativo de custos mediante a colaboración con EDF (European Dairy Farmers), asociación que agrupa produtores de leite de diferentes países que comparten coñecementos e experiencias e comparan as estruturas e a eficiencia económica dos seus respectivos sistemas de produción mediante unha análise comparativa anual de custos cos datos fornecidos polos seus membros.

Este estudo anual non pretende ofrecer un diagnóstico baseado na representatividade estatística, senón coñecer as tendencias xerais así como as condicións do marco no que se desenvolve a actividade das explotacións, a partir dunha información de calidade, mediante a análise de certos índices que sirvan de referencia aos gandeiros asociados, máxime cando neste club se encontra a elite dos produtores de leite europeos.

Con este obxectivo, un grupo de explotacións leiteiras galegas incorporouse a EDF en 2000 e os seus datos foron integrados, a partir de entón, na análise anual. Este grupo, variábel no tempo, é bastante representativo do segmento de explotacións que se consideran viábeis no contexto español e cuxo comportamento no marco europeo podería servir de referencia para o resto.

A súa produción media en 2005 alcanzou as 462 t, variando de 159 t a 868 t, e o número medio de vacas é de 62, oscilando entre un mínimo de 22 e un máximo de 102.

Seguindo o procedemento tradicional da análise de grupos, cada un dos produtores que colaboran no estudo pode comparar os seus resultados, expresados en euros e quintais de leite FCM (Fat Corrected Milk), isto é, corrixida ao 4% de graxa, cos valores medios e cos das explotacións de cabeza e de cola de EDF de Galiza e da UE.

No estudo de EDF-2006, con datos do ano 2005, analizáronse 262 explotacións dos seguintes estados: Alemaña, Bélxica, Irlanda, Holanda, Reino Unido, Austria, Eslovaquia, Francia, Hungría, Italia, Polonia, Suecia, Suíza, España e Eslovaquia.

As explotacións de EDF ofrecen unha excelente visión da diversidade do subsector leiteiro en Europa, como se pode comprobar no rango de valores dalgúñas variábeis. Así para 2005, o prezo medio do leite recibido polos gandeiros asociados foi de 29,3 €/100kg FCM, e variou desde 20,3 € nalgúñas explotacións polacas até 57,7 € na Suíza. O prezo medio do concentrado foi nese mesmo ano de 177 €/t, oscilando entre os 102 €/t nalgúns lugares de Hungría ou Polonia e os 478 €/t que se chegan a pagar en Suíza. O salario medio é de 11,8 €/hora, mais flutúa entre 2,1 € en Hungría e Polonia e os 21,4 € en Dinamarca. O arrendamento da terra con 267 €/ha de media móvese entre os 31 € de Hungría e os máis de 800 € da Suíza e Italia. A cota, que para os países que carecen dese sistema ten un custo cero, pode atinxir aos 2,1 € en Holanda, sendo a media de 0,7 €/100 t FCM.

A ampla gama de situacións que revelan os datos destas explotacións, que se encontran entre as mellores dos seus respectivos países, permite imaxinar a existencia dunha realidade aínda moito máis complexa.

5.1. As explotacións galegas no marco da análise EDF

As explotacións galegas da análise de EDF en 2005 (Táboa 16 e Táboa 17), con 62 vacas e 36 ha, son de tamaño superior á media das controladas no programa de xestión da Consellaría do Medio Rural (37 vacas e 19,7 ha) nese mesmo ano. Porén son as máis pequenas de EDF na UE, na que a media é de 178 vacas, 167 ha e 1.359 t FCM de leite. Só en Suíza e Polonia se encontran explotacións máis pequenas. No extremo oposto, á parte dos antigos países socialistas como Eslovaquia, Hungría e Polonia, está Alemaña (210 vacas, 180 ha e 1.774 t) e o Reino Unido (219 vacas, 140 ha e 1.608 t).

A carga gandeira (1,7 vacas/ha) é superior á da media de EDF-UE (1,1 vacas/ha), só superada por Italia (2,3 vacas/ha). Curiosamente, esta alta densidade gandeira, a pesar da reducida base territorial das explotacións galegas, aséntase nunha superficie forraxeira na que os prados ocupan o 73%, porcentaxe superior á media da UE (50%) e só inferior á de Irlanda (100%), Suíza (84%), Holanda (81%) e Reino Unido (78%).

A relación entre dimensión, carga gandeira e uso do solo explica a importancia do concentrado nas racións das explotacións leiteiras galegas. Para unha produción por vaca de 7.271 kg FCM, lixeiramente inferior á da media da EDF-UE (7.580 kg FCM/vaca), o noso consumo medio de concentrado sitúase en 2,86 t/vaca/ano, o máis alto da UE, onde a media é de 2,12 t/vaca/ano. Neste sentido, cómpre salientar que as explotacións de EDF de Alemaña alcanzan unha produción por vaca de 8.439 kg FCM con 2,64 t de concentrado por vaca/ano, e as de Holanda 8.346 kg FCM/vaca con só 1,96 t/vaca/ano.

A consecuencia é que a cantidade de leite/vaca producido sen concentrado nas explotacións galegas (1.512 kg FCM) é a máis baixa da UE, onde a media está en 3.186 kg FCM, o que se ve agravado polo prezo do penso que na Galiza (209 € /t) é superior á media da UE (177/t).

O gasto en alimentación animal das nosas explotacións, que representa o 55% dos custos directos, é moi alto (12,5 €/100 kg FCM) en relación coa media da UE. Non obstante, superánnos Italia (13,4 €/100 kg FCM) e Eslovaquia (14,6 €/100 kg FCM). Irlanda, Bélxica e Holanda que andan arredor dos 6 €/100 kg FCM son os países con menor custo en alimentación. A pesar diso, o menor custo dos demais compoñentes permite que os custos directos na Galiza sexan semellantes aos da media da UE (22,9 €/100 kg FCM). Só quedan por debaixo Irlanda (16,9 €), Reino Unido (18,8 €), Polonia (18,7 €), Alemaña (21,1 €) e Holanda (21,2 €).

A diferenza nos custos de oportunidade da terra e capital permiten que o Custo Total na Galiza (36,1 €/100 kg FCM) sexa algo inferior ao da media de EDF-UE (36,7 €/100 kg FCM), aínda que superior ao dos produtores de EDF de Polonia (27,5 €), Irlanda (30,1 €), Gran Bretaña (30,2 €), Bélxica (33,3 €), Alemaña (33,4 €) e Holanda (35,9 €).

Táboa 16. Análise EDF-Ingresos e Custos da Actividade leiteira. Galiza - UE. Ano 2005.

	Galiza	Dina- marca	Béxica	Reino Unido	Holanda	Franda	Francia	Italia	Eslova- quia	Luxem- burgo	Suecia	Alemaña	Austria	Suíza	Hungría	Polonia	EDF-UE
Numero de explotacións	10	8	20	28	34	12	26	16	6	6	5	31	1	5	10	28	262
Numero de vacas	62	137	63	219	131	153	66	116	735	87	98	210	39	45	624	276	178
Produción de leite en t FCM	462	1.256	550	1.608	1.084	836	550	999	4.971	662	915	1.724	399	328	4.164	2.082	1.359
INGRESOS (por 100 kg FCM)																	
Venda de leite		29,9	28,8	27,2	29,4	28,1	30,5	34,6	26,3	31,5	30,6	28,4	28,1	49,2	24,9	25,1	29,3
Venda de gando	3,0	4,0	3,9	2,6	2,8	5,0	5,2	2,2	3,2	4,1	3,7	4,3	3,7	11,0	3,2	3,2	3,7
Subsidios e axudas directas	3,0	4,0	3,2	1,9	2,7	2,6	4,7	2,5	0,0	7,5	6,1	3,4	5,9	11,0	0,0	2,2	3,1
Balance do IVE	0,1	0,0	0,3	0,0	0,0	0,1	0,0	1,4	0,0	1,7	0,0	0,3	0,5	-2,2	0,0	0,0	0,2
Outros ingresos	0,2	0,0	0,1	0,2	0,8	0,2	0,7	0,1	5,0	0,3	0,2	0,6	0,6	0,8	2,7	0,4	0,6
INGRESOS TOTAIS	38,7	38,1	36,2	32,0	35,7	36,2	41,0	40,9	34,5	45,2	40,5	37,1	38,7	69,7	30,7	30,9	36,9
CUSTOS (por 100 kg FCM)																	
Compra de animais	0,3	1,1	0,4	0,5	0,2	0,5	0,7	0,0	0,3	2,3	0,2	0,7	0,0	5,8	0,0	0,6	0,6
Compras (alimentos, fertilizantes, sementes, pesticidas)	12,5	8,6	6,3	7,7	6,0	6,0	8,0	13,4	14,6	9,3	10,1	8,3	6,0	8,4	16,3	7,1	8,9
Maquinaria (conservación, amortización, contratos)	3,9	5,9	5,6	3,8	6,8	3,2	6,6	3,4	4,8	8,5	4,6	4,7	2,1	6,7	5,7	3,2	4,9
Fuel, enerxía, lubricantes, auga	1,3	0,9	0,8	1,3	1,2	0,7	1,6	1,9	1,9	1,5	2,1	1,8	1,3	2,1	1,0	2,3	1,6
Edificios (conservación, amortización)	1,5	2,8	2,3	1,3	2,5	1,8	3,7	2,3	2,9	2,6	2,5	1,5	3,1	5,9	2,8	2,5	2,3
Veterinario, medicinas e inseminacións	2,3	1,5	1,4	1,5	1,3	1,5	1,8	1,2	1,3	1,7	2,2	1,5	1,4	3,1	1,9	1,4	1,6
Seguros e impostos	0,3	0,9	0,8	0,5	1,0	0,8	1,1	2,2	0,6	1,0	0,6	1,0	5,8	1,4	0,0	0,5	0,8
Outros gastos da actividade leiteira	0,6	1,7	0,9	1,4	0,1	1,4	1,2	1,3	0,9	1,5	1,4	0,8	0,3	1,2	1,0	0,6	1,0
Outros gastos xerais	0,2	1,7	0,9	0,8	2,1	1,1	1,3	0,6	3,3	1,3	0,6	0,7	0,2	1,8	3,4	0,5	1,2
Custos directos (sen salarios)	22,9	25,1	19,4	18,8	21,2	16,9	26,1	26,3	30,6	29,7	24,4	21,1	20,1	36,5	32,1	18,7	22,9
Custo total da terra	2,1	3,8	1,6	2,5	3,2	4,0	1,8	2,3	0,0	2,9	1,6	2,2	1,2	7,1	0,0	1,0	2,2
Custo do traballo	9,6	6,5	9,9	7,4	8,0	7,0	12,4	11,2	4,6	10,3	16,0	7,9	8,3	21,5	5,2	5,5	8,8
Custo total do capital	1,6	5,5	2,4	1,5	3,5	2,2	3,4	5,2	2,0	3,2	2,8	2,4	4,7	7,4	1,8	2,4	2,8
Custo dos factores de produción	36,1	15,8	13,9	11,4	14,7	13,1	17,6	18,7	6,5	16,4	20,5	12,4	14,1	36,0	7,0	8,8	13,8
Custo Total (sen custo de cotra)	6,1	40,9	33,3	30,2	35,9	30,1	43,8	45,0	37,1	46,1	44,8	33,4	34,2	72,5	39,1	27,5	36,7
RESULTADOS DA ACTIVIDADE LEITEIRA																	
Renda familiar total da explotación	67	82	67	118	58	113	61	27	-9	57	45	125	63	67	-195	167	75
Renda familiar por 100 kg FCM	14,5	5,5	11,8	7,5	5,6	15,2	9,8	2,7	-1,7	7,2	7,3	8,0	15,8	19,9	-6,8	9,5	7,7
Beneficio empresarial total da explotación (000)	12	-19	10	52	-37	49	1	-40	-54	-12	-19	49	14	-15	-260	129	8
Beneficio empresarial por 100 kg FCM	2,6	-2,8	1,1	1,7	-3,7	5,9	-2,8	-4,6	-2,6	-4,4	-4,3	1,1	3,4	-6,0	-8,4	3,4	-0,9
Retribución do traballo (total por hora)	14,8	10,8	16,4	17,9	9,4	19,3	14,1	7,5	1,7	8,0	17,0	16,8	16,6	14,1	-1,9	6,3	11,9
Limiar de rentabilidade I (por 100 kg FCM)	17,9	24,4	15,1	19,6	20,3	12,7	20,7	31,5	28,0	20,9	23,3	17,9	11,3	26,1	15,6	15,6	20,4
Limiar de rentabilidade II (por 100 kg FCM)	29,8	32,7	25,8	25,4	29,6	22,1	33,2	38,7	28,9	32,5	34,9	24,8	23,7	51,9	33,3	21,7	29,0

Fonte: EDF - Report 2006. Cost Comparison Analysis

Táboa 17. Análise EDF. Razóns das diferenzas de custos e ingresos. Galiza-UE. Ano 2005.

	Galiza	Dina- marca	Béixica	Reino Unido	Holanda	Irlanda	Francia	Italia	Eslova- quia	Luxem- burgo	Suecia	Alemaña	Austria	Suíza	Hungría	Polonia	EDF-UE
Número de explotacións	10	8	20	28	34	12	26	16	6	6	5	31	1	5	10	28	262
Número de vacas	62	137	63	219	131	153	66	116	735	87	98	210	39	45	624	276	178
Produción de leite en t FCM	462	1.256	550	1.608	1.084	856	550	999	4.971	662	915	1774	399	328	4.164	2.082	1.359
Produción de actividade leiteira (%)	100	94	90	94	99	93	79	98	48	81	81	90	92	73	100	67	89
SISTEMA DE ALIMENTACIÓN																	
Superficie forraxeira (ha)	36	103	35	140	78	85	70	51	1.215	91	118	180	42	37	774	327	167
Prdos (%) superficie forraxeira)	73	11	55	78	81	100	33	41	20	61	13	45	14	84	5	32	50
Superficie arrendada (% superficie forraxeira)	26	23	71	47	27	24	75	60	100	71	46	52	52	36	100	57	53
Consumo de concentrado (t/vaca/ano)	2,86	2,01	2,30	2,09	1,96	0,97	1,79	3,74	1,72	1,95	3,02	2,64	2,26	0,71	3,82	1,85	2,12
Leite producido sen concentrado (kg FCM/ano)	1.512	5.210	4.257	3.190	4.453	3.695	4.879	1.633	3.714	3.852	3.964	3.257	5.887	6.135	570	3.795	3.186
PREZOS																	
Prezo do leite (Euros/100 kg FCM)	32,5	29,9	28,8	27,2	29,4	28,1	30,5	34,6	26,3	31,5	30,6	28,4	28,1	49,2	24,9	25,1	29,3
Vaca de abasto (Euros/kg)	1,0	2,1	0,8	0,7	0,6	1,0	1,3	0,5	0,7	0,7	1,0	0,8	0,8	1,8	0,5	0,7	0,9
Prezo dos becerros (Euros/animal)	178	134	222	46	171	154	193	124	136	148	137	156	150	355	65	122	141
Arrendamento de terras (Euros/ha)	241	472	253	283	471	374	135	519	38	242	150	213	143	651	143	87	288
Salarios (Euros/hora)	11,4	21,4	13,8	15,4	18,0	10,5	14,0	10,2	4,0	15,0	18,8	15,8	11,8	16,8	2,5	2,1	12,7
Prezo da cota (Euros/kg)		0,5	1,3	0,1	1,8	0,2	0,0	0,6	0,0	1,4	0,1	0,4	0,9	0,9	0,0	0,3	0,4
Prezo do concentrado (Euros/t)	209	189	163	192	161	163	280	227	146	212	215	158	160	502	161	251	177
PRODUCTIVIDADE																	
Productividade do traballo (kg FCM/hora)	123	339	146	198	229	154	128	120	77	134	141	184	142	82	66	65	152
Productividade da terra (t FCM/ha)	13,6	12,5	16,4	12,3	14,7	9,9	8,6	22,2	4,7	7,1	8,0	10,5	9,5	9,6	5,4	6,3	12,6
Productividade do capital (kg FCM/1000 Euros)	2,096	1,064	2,310	2,774	1,781	2,273	1,468	1,167	2,365	1,553	2,085	2,311	739	716	2,211	1,612	1,978
Capital/vaca (Euros/vaca)	3.838	9.458	3.837	2.747	5.012	2.941	6.328	7.750	3.228	5.340	5.211	4.332	13.844	12.250	3.661	4.774	4.837
Rendemento leiteiro (kg/vaca)	7.232	8.969	8.749	7.287	8.346	5.448	8.262	8.522	6.646	7.678	9.156	8.439	10.228	7.255	6.591	6.908	7.861
- Contido de graxa (%)	3,8	4,4	4,2	4,1	4,4	3,9	4,1	3,7	3,7	4,2	4,1	4,1	4,2	4,1	3,8	4,2	4,1
- Contido de proteína (%)	3,2	7,2	5,1	3,3	3,5	3,4	3,2	3,3	3,3	3,5	3,3	3,4	3,3	3,5	3,3	3,4	3,6
MANEJO DO RABANO																	
Idade ao primeiro parto (meses)	27,7	27	26	26	25	24	29	27	27	28	27	27	28	28	28	26	26
Intervalo entre partos (días)	410	385	407	395	399	382	399	402	416	398	255	400	403	376	427	393	387
Taxa de eliminación das vacas leiteiras (%)	25	39	27	24	31	20	38	30	38	45	38	35	15	22	32	21	29
Porcentaxe de recría (%)	111	107	136	110	102	166	103	161	92	102	94	107	217	78	101	246	129

* A porcentaxe de recría na metodoloxía EDF é a relación entre a suma das xovencas de reposición máis vendidas respecto ás vacas vendidas para vida ou abasto.

O tamaño das explotacións incide de forma decisiva no manexo e nos custos. Da menor superficie dedicada a cultivos derívanse uns gastos inferiores en maquinaria e enerxía; e da menor dimensión do rabaño resulta unha produtividade da man de obra inferior, tanto en termos de produción (123 kg FCM/hora na Galiza fronte a 152 de media na UE) coma do tempo empregado por vaca: 59 horas/vaca/ano na Galiza fronte a 52 de media na UE.

A nosa taxa de eliminación de vacas (25%), inferior á da media da UE (29%), supón un período de amortización algo máis longo e un gasto na compra de animais algo inferior (0,3 €/100 kg fronte a 0,6 €/100 kg FCM).

Tamén o noso investimento por vaca (3.838 €/vaca) é inferior ao da media da UE (4.837 €/vaca), aínda que polo menor tamaño dos nosos rabaños quede lonxe dos 2.747 €/vaca do Reino Unido ou dos 2.941€/vaca de Irlanda.

Algúns aspectos do manexo son susceptíbeis de mellora, como o intervalo entre partos (410 días), que só é inferior ao de Hungría (427 días) e ao de Eslovaquia (416 días). A meta sería alcanzar o nivel de Suíza (376 días), Irlanda (382 días) ou Dinamarca (385 días).

Os rendementos totais das nosas explotacións (38,7 €/100 kg FCM) son máis altos que as da media de EDF-UE (36,9 €/100 kg FCM) e só inferiores ás de Luxemburgo (45 €), Francia (41 €), Italia (40,9 €) e Suecia (40,8 €). Do conxunto de países de EDF-UE, os ingresos do leite só son superiores en Italia (34,6 €/100 kg FCM). Nos demais, as diferenzas nos ingresos totais residen na venda de gando e nos subsidios, que son inferiores na Galiza.

A pesar de que o pequeno tamaño das explotacións impide que os resultados económicos, en termos absolutos, sexan mellores, en termos relativos poden considerarse excelentes. Así, a renda familiar (14,5 €/100 kg FCM) duplica a media de EDF-UE (7,7 €/100 kg FCM) e o beneficio alcanza 2,6 €/100 kg FCM, tamén superior á media da UE (-0,9 €/100 kg FCM).

O Limiar de Rendibilidade I, que indica o prezo do leite a partir do cal se obtén unha renda familiar positiva, é mellor na Galiza (17,9 €/100 kg FCM) que na media da UE (20,4 €/100 kg FCM); e o Limiar de Rendibilidade II, que indica o prezo que debería alcanzar o leite para comezar a ter beneficio, é, no caso galego (29,8 €/100 kg FCM), lixeiramente peor que o da EDF-UE (29,0 €/100 kg FCM).

Un dos aspectos máis salientábeis, relacionado coa escasa base territorial das explotacións galegas, é a porcentaxe de superficie arrendada (26%), a máis baixa da UE, onde a media está no 53% da superficie forraxeira total.

En síntese, da comparación das explotacións galegas incluídas en EDF coas europeas poden salientarse, como trazos esenciais, o seu menor tamaño e a súa maior intensificación. A menor produtividade da man de obra débese á menor dimensión dos rabaños. Con todo, os seus resultados poden considerarse bastante bos relativamente á media de EDF-UE.

O elevado custo de alimentación, orixinado polo alto consumo de concentrado e polo seu prezo, vese compensado por uns gastos menores nas demais partidas que constitúen unha vantaxe comparativa que pode desaparecer debido aos fortes investimentos en maquinaria, gando e instalacións que se están a realizar.

Non obstante, é improbable que unha diminución no custo da alimentación ou o aumento da produtividade por persoa ocupada permita compensar o incremento dos custos fixos se non se amplía a súa base territorial e se reduce o seu parcelamento.


Neste sentido, calquera medida que permita aumentar a superficie das explotacións, será máis eficaz para mellorar a competitividade das explotacións que os subsidios e as axudas á modernización.

5.2. Evolución das explotacións de EDF (1999-2005)

As dificultades que para a análise presenta a carencia dunha mostra permanente de explotacións ao longo dos anos aínda son máis evidentes nas comparacións internacionais, onde as diferenzas na taxa de inflación e as variacións nos tipos de cambio teñen un peso importante. Entre 1999 e 2005, só 44 explotacións, das que 6 son galegas, participaron en todas as análises anuais de EDF (Táboa 18 e Táboa 19). A evolución dos valores medios deste grupo de explotacións, aínda que non son as mellores, dá unha idea da estratexia seguida polos produtores de leite que lograron persistir nun período en que desapareceu máis da metade das explotacións, así como das diferenzas e semellanzas coas europeas.

O aumento de tamaño das explotacións de EDF foi continua, tanto en Galiza coma na UE, en número de vacas, superficie e produción de leite por explotación (Gráfico 22). As explotacións tentaron de compensar a baixa do prezo do leite cun maior volume de produción.

Gráfico 22. Evolución do número de vacas, SAU (ha) e produción de leite (t FCM) por explotación no grupo permanente das explotacións de EDF.



Desde 2004 a porcentaxe de superficie ocupada polos prados tende a diminuír mentres aumenta a destinada a cultivos forraxeiros, o que indica que se están a producir mudanzas no sistema de produción. Outro aspecto que hai que salientar é o incremento da superficie arrendada desde 2000, aínda que non alcance a porcentaxe das explotacións da UE.

A carga gandeira, que en Galiza é superior, tende porén a diminuír desde 2001, mentres a súa produción por vaca, que é inferior á das explotacións de EDF da UE, crece desde 2003, despois de manterse estabilizada (Gráfico 23).

O consumo de concentrado por vaca que en Galiza é superior ao da UE tende a diminuír desde 2003, ao tempo que aumenta o rendemento por vaca, o que se reflicte desde ese mesmo ano nun aumento da produción de leite sen concentrado (Gráfico 24).

Gráfico 23. Evolución da carga gandeira (vacas/ha) e do rendemento leiteiro (t/vaca) no grupo permanente das explotacións de EDF. 1999-2005





Gráfico 24. Evolución do consumo de concentrado por vaca (t) e do rendemento leiteiro (kg/vaca) no grupo das explotacións de EDF.



Táboa 18. Evolución en EDF dos ingresos e custos da actividade leiteira do grupo permanente das explotacións.


	1999		2000		2001		2002		2003		2004		2005	
	Galiza	EDF-UE	Galiza	EDF-UE	Galiza	EDF-UE	Galiza	EDF-UE	Galiza	EDF-UE	Galiza	EDF-UE	Galiza	EDF-UE
Número de explotacións	6	44	6	44	6	44	6	44	6	44	6	44	6	44
Número de vacas	55	134	59	137	62	143	65	150	64	164	66	156	67	159
Produción de leite en t FCM)	440	962	469	1042	463	1087	478	1128	470	1223	495	1195	511	1237
INGRESOS (por 100 kg FCM)														
Venda de leite	29,6	30,6	30,3	29,9	34,1	32,1	33,4	31,9	31,7	30,1	33,2	29,7	32,1	29,1
Venda de gando	3,6	3,5	4,1	3,7	4,5	3,6	2,4	2,9	1,2	3,8	4,8	3,4	3,2	3,5
Subsidios e axudas directas	0,9	0,9	0,8	1,0	1,2	1,1	1,2	1,2	1,0	1,2	1,9	1,7	3,8	2,9
Balance do IVE	-0,5	0,0	-0,1	0,1	-0,4	0,2	-0,2	0,2	-0,1	0,1	0,1	0,2	0,0	0,1
Outros ingresos	0,0	0,4	0,0	0,4	0,0	0,3	0,9	0,3	2,6	0,8	0,0	0,5	0,2	0,5
INGRESOS TOTAIS	33,6	35,5	35,0	35,1	39,4	37,3	37,6	36,5	36,3	35,9	40,0	35,5	39,3	36,0
CUSTOS (por 100 kg FCM)														
Compra de animais	0,0	0,5	0,4	0,5	0,7	0,7	0,2	0,6	0,0	0,7	0,3	0,8	0,6	0,5
Compras (alimentos, fertilizantes, sementes, pesticidas)	11,9	7,5	12,4	7,4	15,1	7,9	13,2	7,8	12,8	7,9	13,6	7,9	12,6	7,5
Maquinaria (conservación, amortización, contratos)	2,5	4,9	3,0	4,7	3,4	5,2	3,3	5,2	4,3	5,2	3,9	5,2	4,8	5,4
Fuel, enerxía, lubricantes, auga	0,4	0,9	0,6	0,9	0,7	1,2	1,0	1,2	0,9	1,1	1,0	1,2	1,5	1,4
Edifícios (conservación, amortización)	1,2	1,9	1,1	1,7	1,2	1,7	2,2	2,0	1,6	1,7	1,8	2,0	1,7	1,9
Veterinario, medicinas e inseminacións	2,0	1,6	1,9	1,5	2,2	1,5	2,3	1,5	2,0	1,5	2,0	1,5	2,4	1,5
Seguros e impostos	0,3	0,6	0,3	0,7	0,4	0,7	0,9	0,8	0,9	0,8	0,6	0,8	0,4	0,7
Outros gastos da actividade leiteira	0,5	0,6	0,3	0,5	0,2	0,6	1,0	0,7	0,3	0,6	0,5	0,5	0,9	0,6
Outros gastos xerais	0,1	1,0	0,4	0,9	0,8	1,3	0,2	1,2	0,6	1,2	0,5	1,3	0,1	1,2
Custos Directos (sen salarios)	18,8	19,4	20,2	18,8	24,6	20,6	24,2	20,9	23,3	20,8	24,1	21,2	25,0	20,6
Custos Estructurais	1,4	1,4	1,4	5	1,6	4,5	1,5	6,4	1,8	4,7	2,1	4,8	1,7	4,8
Custo Total de Produción	20,2	20,2	21,6	23,8	26,2	25,1	25,7	27,3	25,1	25,5	26,2	26	26,7	25,4
Custos de Oportunidade	13,7	13,7	10,7	8,4	11,8	8,8	13,6	9	14	9	11,1	8,8	10,6	8,5
CUSTO TOTAL	33,9	33,9	32,3	32,2	38	33,9	39,3	36,3	39,1	34,5	37,3	34,8	37,3	33,9
RESULTADOS DA ACTIVIDADE LETEIRA														
Renda familiar por 100 kg FCM	12,5	10,6	13,5	9,7	13,2	10,5	11,9	9,2	11,2	8,7	13,7	7,7	12,7	9,1
Beneficio empresarial por 100 kg FCM	-1,2	1,0	2,8	1,3	1,4	1,7	-1,7	0,2	-2,8	-0,3	2,6	-1,1	2,1	0,6
Retribución do traballo (total por hora)	8,2	15,4	10,7	14,3	10,8	16,6	9,5	15,6	9,5	14,1	13,3	11,7	14,3	15,6
Limiar de rentabilidade I (por 100 kg FCM)	16,3	18,3	16,8	18,6	20,9	19,9	21,5	21,0	20,6	19,7	19,5	20,3	19,5	18,4
Limiar de rentabilidade II (por 100 kg FCM)	29,9	27,9	27,5	27,0	32,7	28,7	35,0	29,9	34,5	28,7	30,5	29,0	30,1	26,9

Táboa 19 . Evolución en EDF 1999-2005. Razóns das diferenzas de custos e ingresos do grupo permanente das explotacións.

	1999		2000		2001		2002		2003		2004		2005	
	Galiza	EDF-UE	Galiza	EDF-UE	Galiza	EDF-UE	Galiza	EDF-UE	Galiza	EDF-UE	Galiza	EDF-UE	Galiza	EDF-UE
Número de explotacións	6	44	6	44	6	44	6	44	6	44	6	44	6	44
Número de vacas	55	134	59	136	62	143	65	150	64	164	66	156	67	178
Producción de leite en t FCM	440	962	469	1042	463	1087	478	1128	470	1223	495	1195	511	1359
Producción de actividade leiteira (%)	94	89	96	90	96	90	100	92	97	94	100	94	100	89
SISTEMA DE ALIMENTACIÓN														
Superficie forraxeira (ha)	28	84	28	85	28	93	33	94	34	103	36	100	38	167
Prados (% superficie forraxeira)	70	71	69	70	69	69	74	70	70	71	68	66	60	50
Superficie arrendada (% superficie forraxeira)	22	32	18	33	24	36	24	37	26	38	29	39	31	53
Consumo de concentrado (t/vaca/ano)			3	2,2	3,3	2,3	2,8	2,2	3,1	2,2	3	2,3	2,7	2,1
Leite producido sen concentrado (kg FCM/ano)			1760	3627	780	3204	1448	3380	1004	3142	1234	3232	2041	3668
PREZOS														
Prezo do leite (Euros/100 kg FCM)	29,6	30,6	30,3	29,9	34,1	32,1	33,4	31,9	31,7	30,1	33,2	29,7	32,1	29,3
Vaca de abasto (Euros/kg)	0,9	0,8	0,8	0,8	0,9	0,8	0,9	0,7	0,9	0,8	0,8	0,7	0,9	0,9
Prezo dos becerros (Euros/animal)	147	136	130	137,5	86,2	126,3	127,8	109	152	146	156	153	186	141
Arrendamento de terras (Euros/ha)	232,8	308,1	235,2	316,1	235	324,1	269,2	341,2	245	326	210	324	223	288
Salarios (Euros/hora)	8	13	9	13	10	14	10	14	12,7	14,7	11	15,3	11,4	12,7
Prezo da cota (Euros/kg)	0,4	0,9	0,4	0,9	0,4	0,7	0,6	0,8	0,4	0,3	0,4	0,3	0,4	0,4
Prezo do concentrado (Euros/t)	194	167	194	172	206	183	197	183	196	180	219	183	208	177
PRODUTIVIDADE														
Produtividade do traballo (kg FCM/hora)	79	158	92	167	92	173	95	178	101	174	113	182	123	152
Produtividade da terra (t FCM/ha)	15,7	13,7	16,6	13,8	16,5	13,3	14,5	13,1	13,2	13,0	20,8	13,9	13,6	12,6
Produtividade do capital (kg FCM/1000 Euros)	2313	2118	2428	2127	2167	2113	1981	2102	1961	2042	1753	2062	2096	1978
Capital/vaca (Euros/vaca)	3580	4037	3332	4031	3477	4059	3653	3987	3879	4115	4336	4211	3838	4837
Rendemento leiteiro (kg/vaca)	7885	7728	7760	7900	7380	7841	7190	7707	7104	7625	7134	7732	7341	7846
- Contido de graxa (%)	4	4,2	4	4,2	4	4,2	3,8	4,2	3,9	4,1	4	4,2	3,9	4,2
- Contido de proteína (%)	3,3	3,3	3,3	3,4	3,2	3,4	3,2	3,4	3,2	3,4	3,2	3,4	3,1	3,4

Neste sentido, un dos aspectos máis importantes a ter en conta é que os custos de alimentación nas explotacións galegas son superiores aos das europeas, sendo inferiores os rendementos leiteiros das vacas (Gráfico 25).

Gráfico 25. Evolución do custo de alimentación(€/100kg) e do rendimento leiteiro (kg/vaca) no grupo permanente das explotacións de EDF.



Un índice que sintetiza a mellora da eficiencia é a produtividade da man de obra. Esta aumentou ininterrompidamente ao longo do período estudado, aínda que, debido ao menor tamaño das nosas explotacións, sexa inferior á de EDF-UE.

Outro aspecto que debemos salientar é que as explotacións galegas son cada vez máis intensivas en capital e tenden a aproximarse ás cifras europeas de investimento por vaca. Iso plásmase nunha produtividade decrecente que só en 2005 parece recuperarse. Nas explotacións da UE, tanto o investimento por vaca coma a produtividade do capital, son máis estábeis no tempo.

As explotacións galegas son menos diversificadas que as europeas e os ingresos alleos á produción de leite son irrelevantes. O prezo recibido polo leite, desde 2000, foi sempre superior nas explotacións galegas, do mesmo xeito que o foi o prezo pagado polo concentrado (Gráfico 26). Aínda que ese mellor prezo do leite explica que os ingresos totais das explotacións galegas fosen superiores a partir de 2001, a relación entre prezo do leite e o prezo do concentrado sempre foi máis favorábel para as explotacións europeas, as cales, por outra parte, sempre tiveron un consumo inferior (Gráfico 27).

Gráfico 26. Evolución dos prezos do leite(€/100 kg) e do concentrado(€/t) no grupo permanente das explotacións de EDF.






Gráfico 27. Evolución da relación entre os prezos do leite e o do concentrado no grupo permanente das explotacións de EDF.




A evolución da relación entre o custo total de produción (sen custos de oportunidade) e o Produto Bruto das explotacións é favorábel ás explotacións galegas a partir de 2000 (Gráfico 28). O máis salientábel é que aumenta lentamente e é previsíbel que o faga a maior ritmo no futuro pola baixa do prezo do leite e o aumento do prezo dos produtos derivados do petróleo e das materias primas que se desvíen para a produción de biocarburantes. O resultado será a diminución do beneficio das explotacións que non modifiquen o seu actual sistema produtivo para reducir a dependencia dos alimentos comprados.

Gráfico 28. Evolución da relación entre Custo Total de Produción e Produto Bruto no grupo permanente das explotacións de EDF.




Os custos totais de produción sen custos de oportunidade foron inferiores nas explotacións galegas ao longo do período, salvo en 2001 e 2004, o que xunto a uns prezos máis altos do leite explica os seus mellores resultados. Ao incluír os custos de oportunidade, as explotacións europeas presentan uns custos totais inferiores e só a diferenza no prezo do leite permite que os resultados das explotacións galegas sexan superiores (Gráfico 29).

Gráfico 29. Evolución do prezo do leite e do custo total de produción no grupo permanente das explotacións de EDF.



Mentres en termos de renda familiar a evolución dos resultados mantén certo paralelismo, sendo mellores os das galegas, o beneficio seguiu unha traxectoria máis regular nas galegas que nas europeas. Estas, a partir de 2003, experimentan unha considerábel mellora que as sitúa por enriba das galegas (Gráfico 30).

Gráfico 30. Evolución da renda familiar e do beneficio no grupo permanente das explotacións de EDF.



En síntese, da comparación entre as explotacións galegas e europeas que conforman o grupo permanente de EDF entre 1999 e 2005 pódense extraer unhas conclusións que non difiren das anteriormente expostas. A vantaxe comparativa das explotacións galegas respecto das europeas reside nos seus baixos custos estruturais e, polo tanto, a súa competitividade dependerá da súa capacidade para mantelos controlados e de reducir os directos ao nivel das europeas.

5.3. Comparación entre as explotacións de 100 vacas

Segundo moitos analistas, coa tecnoloxía actualmente dispoñíbel, nun futuro próximo as explotacións familiares, granxas cun rabaño, arredor das 100-120 vacas, constituirá o núcleo da produción europea. Por esta razón, a comparación entre explotacións deste tamaño pode ser indicativa da competitividade dos diferentes sistemas de produción.

Entre as explotacións de 100-120 de EDF seleccionáronse aquelas pertencentes a estados nos que se contaba, cando menos, cun número non inferior a seis. No caso español, separaron as catalás das galegas para facer evidentes as diferenzas de sistema produtivo e, sobre todo, porque o modelo catalán vense proponendo como a alternativa idónea para as explotacións de pequeno tamaño, como as galegas (Táboa 20).

As explotacións catalás afástanse do resto pola súa intensificación. O seu sistema caracterízase pola escasa superficie, ausencia de prados, elevada carga gandeira e altos rendementos por vaca. Precisa de altos consumos de concentrado e uns custos de alimentación e directos que son os máis elevados deste estrato. A renda familiar é baixa, mais os seus custos de oportunidade permitenlles amortecer as perdas. O descenso do prezo do leite faría perigar a súa viabilidade.

As explotacións alemás, holandesas e británicas ofrecen tres combinacións diferentes entre rendimento por vaca e carga gandeira. No caso alemán, un rendimento alto (8.884 kg/vaca) e carga gandeira baixa (1,1 vacas/ha) cun elevado consumo de concentrado (2.625 kg/vaca) supón uns custos directos (21,9 €/100kg) lixeiramente superiores aos das holandesas (20,1 €/100 kg), cunha carga superior (1,8 vacas/ha), un rendimento parecido (8.794 kg/vaca) e un consumo de concentrado inferior (2.050 kg/vaca). As explotacións

británicas, cunha carga superior (1,7 vacas/ha), un rendemento (6.627 kg/vaca) e un consumo de concentrado (1.700 kg/vaca) inferiores teñen uns custos directos menores (17,1 €/100 kg) que lles permiten obter unha renda familiar superior (9,4 €/100 kg), a pesar de contar cuns ingresos inferiores (31,6 €/100 kg).

Táboa 20. Comparación entre as explotacións de 100-120 vacas en 2005.

	EDF	Alemaña	Holanda	R. Unido	Cataluña	Galiza
Número de explotacións	30	8	8	6	4	4
ÍNDICES TÉCNICOS						
Vacas por explotación	102	100	107	104	107	90
Produción de leite/ vaca (kg)	8.366	8.884	8.794	6.627	9.218	8.231
Produción de leite/explotación (t)	852	891	932	683	983	736
SAU (ha)	63,0	92,2	59,0	62,0	24,5	53,0
Vacas/ha	1,60	1,10	1,80	1,70	4,36	1,69
% SAU a prados	59	53	79	90	2	46
% SAU en arrendamento	38	40	23	55	51	23
Consumo de concentrado (kg/vaca)	2,62	2,62	2,05	1,70	4,75	3,00
Concentrado/leite (g/l)	313	296	233	256	515	364
ÍNDICES ECONÓMICOS						
Ingresos totais	35,8	36,2	34,9	31,6	39,1	40,1
Custos directos	21,6	21,9	20,1	17,1	27,8	24,9
Custos de alimentación	9,0	8,8	5,8	7,1	14,7	12,8
Custos estruturais	12,9	13,6	15,6	12,4	10,5	9,0
Custos totais de produción	34,5	35,5	35,8	29,5	38,3	33,8
Custos totais de oportunidade	8,3	7,9	10,5	7,5	6,8	7,3
Prezo do leite (€/100 kg)	29,3	27,6	29,2	27,1	32,6	33,3
Prezo do concentrado (€/t)	184	167	164	207	195	214
RESULTADOS						
Renda familiar (Marxe Neta)	7,8	6,1	6,6	9,4	5,3	13,7
Beneficio empresarial	-0,5	-1,8	-3,9	1,9	-1,5	6,4
Límiar de Rendibilidade I	19,7	18,9	19,5	17,5	25,2	19,7
Límiar de Rendibilidade II	28,0	26,8	30,1	25,0	31,9	27,0
ÍNDICES DE PRODUTIVIDADE						
Produtividade do traballo (kg leite/h)	177	180	204	164	141	173
Produtividade da terra (kg/ha)	17.450	10.088	17.688	12.567	41.350	15.125
Produtividade do capital (kg/ 1000 €)	2.192	2.273	1.693	2.659	2.669	1.850
Investimento (€/vaca)	4.540	4.757	5.997	2.550	3.719	4.999

As explotacións galegas son as menores en número de vacas cás das británicas. O seu rendemento por vaca é só superior ao das británicas, aínda que a súa carga gandeira é semellante e o seu consumo de concentrado é só inferior ao das catalás, igual que o gasto en alimentación e os custos directos (24,9 €/100 kg). Os seus elevados ingresos, derivados dun alto prezo do leite, e os seus baixos custos estruturais permítenlles ter a renda familiar e o beneficio máis altos do estrato.

Para manter estes excelentes resultados, ante calquera eventual baixa do prezo do leite ou elevación dos custos, as explotacións galegas terían que manter os custos estruturais no seu actual nivel e tentar de reducir os directos, reducindo o seu consumo de concentrado, cousa que non parece difícil á vista dos rendementos por vaca e gasto en concentrado de Holanda e Alemaña.

CONCLUSIONES

CONCLUSIONES

A diferenza de resultados entre as explotacións leiteiras non se explican polo tamaño, nin polo volume de ingresos, nin polo grao de intensificación do sistema produtivo, senón polo manexo e xestión. A maior parte dos gandeiros descoñecen os seus custos de produción e toman como referencia a súa facturación anual e non a súa marxe neta ou o seu beneficio.

As explotacións galegas incluídas en EDF, malia ser de menor tamaño, máis intensificadas e con menor produtividade da man de obra, presentan resultados unitarios que se poden considerar bastante bos relativamente á media de UE.

As diferenzas de resultados dependen tanto dos ingresos coma dos gastos. Os ingresos están ligados directamente ao prezo do leite e a escasa diversificación produtiva das explotacións fainas moi vulnerábeis fronte ás súas oscilacións.

Os resultados económicos, tanto en termos de marxe neta coma de beneficio empresarial, están moi relacionados co prezo do leite, pois o sistema produtivo caracterízase por unha grande rixidez que impide que as explotacións, mesmo as de maior tamaño, sexan capaces de axustarse ás oscilacións do mercado e de reducir os seus custos cando o prezo baixa.

Os gastos variábeis son máis baixos nas explotacións con mellores resultados porque tamén o son todos e cada un dos compoñentes destes: alimentación, produción de forraxes, sanidade, reprodución, enerxía e maquinaria. O mesmo acontece cos custos estruturais, como amortizacións, salarios e outros custos fixos.

O custo dos alimentos comprados non foi o que máis aumentou, a pesar da suba dos prezos dos concentrados, senón os custos fixos debido á introdución de novos sistemas de manexo.

A ampliación da superficie de millo forraxeiro, ou de pradeiras de curta duración, e a extensión do ensilado a toda a produción forraxeira supón unha suba do custo das forraxes propias. A incorporación do carro unifeed e a externalización dos labores mediante contratos a empresas de servizos poden mellorar a calidade de vida dos produtores, mais significan custos máis altos e, polo tanto, un beneficio menor se non se compensan cunha redución da man de obra. A adopción dunha innovación non implica sempre a mellora dos resultados económicos, do mesmo xeito que a existencia de subsidios non pode xustificar investimentos carentes de racionalidade económica.

Neste sentido, cómpre lembrar que unha explotación agraria é algo máis que unha empresa e que a análise económica non recolle variábeis non cuantificábeis como a calidade de vida ou as aspiracións do produtor.

En xeral, a evolución dos custos de produción manifesta unha tendencia crecente en case todos os capítulos. Merecen salientarse os fortes incrementos nos custos relativos á produción de forraxes e maquinaria, derivados do aumento da superficie de millo forraxeiro, así como os relativos á sanidade e reprodución animal, derivados dunha vida útil das vacas máis curta e polo tanto cun ritmo de amortización máis rápido.

A vantaxe comparativa das explotacións galegas respecto das europeas reside nos seus baixos custos estruturais, mais pode desaparecer debido aos fortes investimentos en maquinaria, gando e instalacións que se están a realizar. Aínda que as últimas previsións indican unha recuperación do prezo do leite a nivel mundial debida ao aumento da demanda en China e India e á seca dos países exportadores do hemisferio sur, os produtores deberan actuar tendo en conta que esta suba pode ser conxuntural e que se ve minguada polo incremento do prezo das materias primas para a alimentación do gando. Polo tanto, a súa competitividade dependerá da capacidade para manter controlados os custos fixos e reducir, ao mesmo tempo, os directos; cousa que non parece difícil á vista das referencias europeas, que teñen custos de alimentación inferiores para rendementos leiteiros superiores.

Non obstante, é improbable que a diminución no custo da alimentación ou o aumento da produtividade por persoa ocupada sexa posíbel se non se amplía a base territorial das explotacións e se reduce o seu parcelamento. Neste sentido, a creación do banco de terras será máis eficaz para mellorar a competitividade das explotacións que os subsidios e axudas á modernización.

Por outra parte, ante as optimistas perspectivas actuais, cómpre non esquecer experiencias anteriores, como a alza do prezo do leite de finais dos oitenta que serviu para acelerar a desaparición das explotacións con problemas financeiros cando o ciclo entrou na súa fase descendente.

